



DEPUTACIÓN DE LUGO

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A
CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO CENTRO DE
RECRÍA DA DEPUTACIÓN DE LUGO "GAYOSO CASTRO".**

ÍNDICE

I. ELEMENTOS DO CONTRATO.

- 1.- FINALIDADE DOS PREGOS E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.**
- 2.- OBXECTO DO CONTRATO E NECESIDADE A SATISFACER**
- 3.- RÉXIME JURIDICO.**
- 4.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.**
- 5.- DOCUMENTACION CONTRACTUAL**
- 6.- CANON (PREZO) DO CONTRATO.**

II.- DEREITOS E OBRIGACIÓNS DAS PARTES.

- 7.- DEREITOS DA CONCESIONARIA**
- 8.- OBRIGACIÓNS DA CONCESIONARIA**
- 9.- DEREITOS E PRERROGATIVAS DA DEPUTACIÓN DE LUGO**
- 10.- OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN DE LUGO**

III REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO

- 11.- REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO**
- 12.- FUNCIÓNS DO REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO**

IV.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

- 13.- RISCO E VENTURA.**
- 14.- PRESTACIÓN DO SERVIZO**
- 15.- RÉXIME DE PENALIDADES**
- 16.- MODIFICACIÓN**
- 17.- SUBCONTRATACIÓN E CESIÓN.**
- 18.- INTERVENCIÓN DO SERVIZO**
- 19.- CONDICIÓN ECONOMICAS**
- 20.- REVISIÓN DE TARIFAS**
- 21.- PREZO (CANON) DO CONTRATO.**
- 22.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO.**
- 23.- REVERSION**
- 24.- XURISDICIÓN E RECURSOS.**

VI.- LICITACIÓN E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

- 25.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN**
- 26.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.**
- 27.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.**
- 28.- FORMA E CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS**
- 29.- MESA DE CONTRATACIÓN**



DEPUTACIÓN DE LUGO

30.-CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

31. CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA, VALORACIÓN DOS CRITERIOS DE SELECCIÓN E APERTURA DE PROPOSICIÓN.

32.- EFECTOS DA PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN. RENUNCIA OU DESISTIMENTO.

33.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBE PRESENTAR O LICITADOR PROPOSTO COMO CONCESIONARIO.

34.- GARANTÍAS

35.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

36.-FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

37.- PUBLICIDADE

38.- DURACIÓN DO CONTRATO



DEPUTACIÓN DE LUGO

I. ELEMENTOS DO CONTRATO.

1.- FINALIDADE DOS PREGOS E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

O presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (en diante, PCAP), ten por obxecto regular a concesión da xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación de Lugo "Gayoso Castro". O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 28 de xuño de 2016, adoptou o acordo de toma en consideración e aprobación da memoria técnica dos aspectos sociais, xurídicos, técnicos e financeiros da actividade económica denominada Centro de Recría da "Granxa Gayoso Castro", con declaración expresa da conveniencia e oportunidade do seu desenvolvemento. Determinou a forma de xestión da actividade, como indirecta, na modalidade de contrato administrativo de concesión de servizos, de acordo coa Directiva 2014/23/UE, do 26 de febreiro e conforme ao previsto no Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

O contrato definido ten a cualificación de contrato de concesión, tal e como establece o artigo 5 da Directiva 2014/23/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, relativa á adxudicación de contratos de concesión (en diante directiva 2014/23/UE), que define a concesión de servizos como «un contrato a título oneroso celebrado por escrito, en virtude do cal un ou máis poderes ou entidades adxudicadores confían a prestación e a xestión de servizos distintos da execución das obras contempladas na letra a) a un ou máis operadores económicos, cuxa contrapartida é ben o dereito para explotar os servizos obxecto do contrato unicamente, ou este mesmo dereito en conxunción cun pago»

Considérase que o concesionario asume un risco operacional, posto que non está garantido que, en condicións normais de funcionamento, vaia a recuperar os investimentos realizados nin a cubrir os custos que contraese para explotar o Centro de Recría, ao transferirse ao concesionario o risco de demanda.

Non se garante o cobro do ingreso privado derivado do cobro aos usuarios nin a existencia de unha demanda mínima.

O contrato adxudicarase por procedemento aberto mediante pluralidade de criterios, en aplicación dos artigos 138.2, 157 e 150 do TRLCSP, conforme aos termos e requisitos establecidos no devandito texto legal e coas garantías procedimentais descritas no capítulo II da Directiva 2014/23/UE.

O contrato de concesión de referencia, dado o valor estimado do mesmo, está suxeito a regulación harmonizada, segundo o artigo 8 da Directiva 2014/23/UE. A estos efectos e de acordo co previsto no apartado terceiro de dito artigo, indícase a valoración efectuada para precisar o valor estimado da concesión.



DEPUTACIÓN DE LUGO

VALORACIÓN A EFECTOS DE DETERMINAR O COSTE ESTIMADO DA CONCESIÓN

CONCEPTO	VALORACIÓN
Finca do centro de recría a ceder o seu uso	4.556.025,47
Edificacións e instalacións existentes	9.863.774,90
Maquinaria e equipamentos necesarios	1.064.185,52
Mellora nas edificacións e instalacións necesarias (balsa de dixestato de 20.000 m3 e 2 contadores internos da luz)	225.000
Mellora nas edificacións e instalacións a realizar pola Deputación (proxecto aprobado)	240.496
Total valoración	15.949.481,76

VALORACIÓN DAS EDIFICACIÓNS SEGUNDO PROXECTO CENTRO RECRÍA

CONCEPTO	VALORACIÓN
Proxecto centro de recría PC 1ª fase	5.078.882,53
Proxecto centro de recría PC 2ª fase	1.721.822,62
Redacción proxecto planta biogás	62.400,00
Planta de biogás	1.425.779,61
Cubertas (Separata nº 1)	116.527,62
Electricidade baixa tensión (Separata nº 2)	370.426,27
Construción de silos (Separata nº 3)	22.893,90
Equipamento gandeiro parte 1 (Separata nº 4)	256.065,43
Equipamento gandeiro parte 2 (Separata nº 5)	310.106,31
Equipamentos electromecánicos (Separata nº 6)	105.964,67
Tasas de licencia de obra	194.545,49
Coordinación da obra (2ª fase)	3.267,35
Dirección de Execución de obra (2ª fase)	16.800,00
Coordinación de seguridade e saúde (2ª fase)	6.998,00
Total	9.692.479,80

VALORACIÓN DAS EDIFICACIÓNS SEGUNDO CATASTRO

Edificacións e instalacións antigas e reformadas	171.295,10
--	------------

VALORACIÓN DE MAQUINARIA E INSTALACIÓN

Valoración de maquinaria e instalacións necesarias no Informe de Sineiro sen adecuación da nave de entrada de animais e a cubrición boxes colectivos (patio) a realizar no proxecto aprobado	906.800,00
Valoración de maquinaria Anexo II	157.385,52
Total	1.064.185,52



DEPUTACIÓN DE LUGO

O valor estimado da concesión queda precisado na contía de **15.949.481,76 €**, sen computar o IVE

A finalidade do presente contrato é a xestión e explotación do Centro de Recría construído pola Deputación Provincial e que dispón das instalacións e superficie descrita no prego de prescricións técnicas e no anteproxecto de explotación.

2.- OBXECTO DO CONTRATO E NECESIDADE A SATISFACER

2.1. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato, que se executará a risco e ventura da empresa concesionaria, consistirá na xestión e explotación do CENTRO DE RECRÍA DA DEPUTACIÓN DE LUGO, "GAYOSO CASTRO), coa base territorial (leira ou leiras) e naves e instalacións que figuran descritas no prego de prescricións técnicas e/ou en documentación anexa ao mesmo.

O concesionario deberá respectar os Convenios e compromisos existentes cos Concellos de Castro de Rei , para a dotación para ese Concello dunha instalación de subministración de gas propano para canalización á Vila de Castro de Ribeiras de Lea, asinado o 20 de marzo de 2009, así como o convenio de colaboración entre a propia Deputación e ese mesmo Concello, outorgado o 8 de marzo de 2004, para formalizar a cesión de terreos destinada á construción de instalacións deportivas en Castro Ribeiras de Lea, cunha adenda de modificación do 10 de decembro de 2009. Respectará finalmente o convenio con Acruga , subscrito en data 04 de maio de 2007 e con Cruz Roja de data 1 de xullo de 2004 e os compromisos asumidos con FUDACE, a Xunta de Galicia e a USC.

Achéganse como documentación anexa antecedentes administrativos relativos a estes convenios e compromisos.

Na documentación contractual (anexos) descríbense graficamente as edificacións postas a disposición da concesión e aquela base territorial e edificacións que non se adscriben e cuxos usos e actividades se respectarán pola concesión, na xestión e explotación do servizo.

2.2 NECESIDADE A SATISFACER

A Deputación Provincial de Lugo tramitou expediente para xustificar a conveniencia e oportunidade da posta en marcha dun Centro de Recría na Granxa Gayoso Castro. Nese expediente constan



DEPUTACIÓN DE LUGO

relacionadas as necesidades a satisfacer e que pivotan na existencia dun Centro gandeiro propiedade da Deputación Provincial, situado en Duarria, do Municipio de Castro de Rei (Lugo).

A liberalización do sector lácteo e a competencia existente, provoca a necesidade de dimensionar de forma sustentable as explotacións, de modo que se minimicen as consecuencias da falta de base territorial para as mesmas. É pacífica a importancia do sector lácteo na provincia de Lugo.

A comunidade autónoma de Galicia conta con preto de 1.000.000 de cabezas de gando bovino e a provincia de Lugo é a provincia con maior censo cun total de 450.000 cabezas de gando bovino (Fonte IGE ano 2009), repartidas en 15.020 explotacións, o que implica unha media de 30 cabezas por explotación.

O gando frisón de produción de leite representa máis do 60% do censo gandeiro da Provincia de Lugo cun total do 47,4% do valor da produción agraria da Provincia de Lugo.

Os datos para o ano 2000 sitúan a produción final agraria da Provincia de Lugo en 562 millóns de euros dos que un 61,3% corresponden a producións gandeiras, o que corresponde a 344,5 millóns de euros, o que nos dá unha idea da importancia a nivel provincial.

A produción de leite está moi territorializada na provincia de Lugo, posto que case dous terzos do rabaño están concentrados na terceira parte da provincia, nunha zona case continua que vai desde o suroeste ata o norte da Terra Chá e que coincide en gran medida coa observada anteriormente para o valor xerado, por ser o leite a principal actividade produtiva. Observando a distribución do gando vacún de leite segundo o número de cabezas, apréciase unha gran relevancia do sector gandeiro de produción de leite na comarca de Lugo, Terra Chá e comarca da Ulloa. A situación da Granxa Gayoso Castro no corazón da Terra Chá e por tanto privilexiada para a posta en funcionamento dun centro de recría de gando de produción de leite, posto que os desprazamentos segundo datos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación no seu libro "Enquisas Gandeiras 2005" o total de femias para reposición de 12 a 24 meses na provincia de Lugo é de 49.139, e 108.360 en toda Galicia, sendo este dato o de usuarios potenciais do Centro de Recría da Granxa Gayoso Castro.

A necesidade de facer recría nas explotacións de vacún de leite é evidente, fronte á compra de novillas que sería a outra alternativa, sempre máis cara e sen coñecer de forma tan precisa as aptitudes dos animais que se incorporan.

A recría pode facerse na propia granxa ou fóra dela, no primeiro caso implica unhas necesidades de espazo e tempo importantes ademais de posibles problemas infecciosos en grupos de novillas da mesma idade. Os gandeiros que opten por externalizar a recría teñen que enviar os seus animais



DEPUTACIÓN DE LUGO

fóra, cos consecuentes problemas de tensións para os animais e de patoloxías asociadas a unha viaxe tan longa.

A recría de novillas mingua a capacidade produtiva das explotacións gandeiras, posto que consomen recursos da explotación tanto en espazo como en alimento, así mesmo, por non ser o fin das explotacións gandeiras a recría, senón a produción de leite, resta especialización a esta actividade.

A necesidade dun centro de recría público e de referencia na Provincia de Lugo, coa importancia que o sector lácteo ten, é por tanto evidente, e a Deputación de Lugo, como administración estruturante da provincia non pode dar as costas ás necesidades do sector primario, que ten moito peso específico.

A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial (artigo 36 da LBRL), en relación cun sector prioritario e de peso singular na economía e a sociedade luguesa, que vincula ao sector primario, secundario e terciario ao redor dunha actividade tradicional e integrada na identidade lucense (na súa idiosincrasia), xustifica sobradamente esta iniciativa económica.

A actividade económica do centro de recría constitúe unha medida, desde a administración provincial, para o desenvolvemento rural sustentable, de acordo coa Lei 45/2007, do 13 de decembro.

Favorecer a sustentabilidade económica das explotacións gandeiras, particularmente na Provincia de Lugo, permite conseguir, entre outros obxectivos, ofrecer ao sector gandeiro de vacún de leite unha ferramenta que permita o seu dimensionamiento de forma sustentable, debido ao incremento da súa competitividade, derivado do aproveitamento de toda a súa capacidade territorial, cos seguintes obxectivos específicos:

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Maior profesionalización das infraestruturas dedicadas exclusivamente á recría, o que redunda nun importante aforro de custos.
- Maior especialización e dedicación do persoal dedicado á recría.
- Liberación de traballo e espazo nas explotacións gandeiras leiteiras, o que permite incrementar o número de vacas produtivas por explotación, incrementando así a produtividade das explotacións.
- Mellora da sanidade, crecemento e potencial produtivo, idades menores ao primeiro parto e inferior porcentaxe de baixas antes do mesmo, o que redunda nun aumento do número de novillas listas para producir nas explotacións.
- Mellora da xenética das novillas criadas, o que repercute na mellora da calidade do leite producido e dos produtos lácteos derivados do mesmo.



DEPUTACIÓN DE LUGO

- Aforro de custos derivados da economía de escala.
- Dotarse da maquinaria, utensilios e melloras en obras necesarias para un adecuado funcionamento do Centro segundo o definido no anteproxecto de explotación e obras e no propio prego de prescipciones técnicas.

De acordo co previsto no artigo 67.2 a) do RGLCAP, e o artigo 27 da Directiva 2014/23/UE, o presente contrato contén a seguinte codificación segundo a nomenclatura da Clasificación de Produtos por Actividades (CPV), recollida no Regulamento (CE) N° 213/2008 da Comisión do 28 de novembro de 2007 que modifica o Regulamento (CE) N° 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se aproba o Vocabulario común de contratos públicos (CPV), e as Directivas 2004/17/CE e 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos dos contratos públicos, no referente á revisión do CPV.

77500000-5 Servizos de cría de gando..

3.- RÉXIME JURIDICO.

O presente contrato ten carácter administrativo. As partes quedan sometidas expresamente ao establecido neste prego e no correspondente de prescricións técnicas particulares, así como no anteproxecto da explotación, incluídas as obras, e nos aspectos que resulten aplicable do regulamento do servizo.

O contrato rexerase pola Directiva 2014/23/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, relativa á adxudicación de contratos de concesión, polo Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP) e polo Regulamento Regulador do devandito servizo. Con carácter supletorio, e en todo aquilo que non se opoña á Directiva 2014/23/UE, ao TRLCSP ou ao Regulamento Regulador do Servizo, serán de aplicación; o Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público, o Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante RGLC); Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do RGLC; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e no que aínda continúa vixente, o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1955 así como, en xeral, as normas ditadas polo Estado, máis o conxunto de leis e normas da Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución. Con carácter supletorio aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.



DEPUTACIÓN DE LUGO

O descoñecemento do presente prego, do de prescricións técnicas e restante documentación contractual, dos seus documentos anexos ou das instrucións, ou normas de toda índole aprobadas pola Deputación de Lugo, que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ao concesionario da obrigaón do seu cumprimento.

A concesionaria deberá respectar o contido íntegro do Regulamento de Organización e Funcionamento do Centro de Recría da Deputación de Lugo "Granxa Gayoso Castro"

4.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN..

O órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo, é o Pleno da Deputación Provincial de Lugo, no que se refire á aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas e á adxudicación. Nos restantes actos procedimentais ata a adxudicación, o órgano competente será a Presidencia.

O mencionado órgano (Pleno) ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (previa audiencia da empresa concesionaria e no seu caso dos eventuais interesados), con suxeición á normativa aplicable, e acordar a intervención do servizo ou actividade.

As resolucións que dite o órgano de contratación no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivas e poñerán fin á vía administrativa, nos termos previstos no artigo 211 do TRLCSP.

De conformidade co artigo 40.1.c e 40.2 do TRLCSP serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación (recurso potestativo), previo á interposición do contencioso-administrativo, os seguintes actos:

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Consideraranse actos de trámite que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorde a exclusión de licitadores.
- c) Os acordos de adxudicación adoptados polos poderes adjudicadores.

De conformidade co artigo 40.5 do TRLCSP non procederá contra os actos recollidos nos apartados a, b e c a interposición de recursos administrativos comúns. Os defectos de tramitación que afecten a actos distintos destes poderán ser postos de manifesto polos interesados ao Servizo de Contratación e Fomento ou ao órgano de contratación, a efectos da súa corrección, e sen prexuízo de que as irregularidades que os afecten poidan ser alegadas polos interesados ao recorrer contra o acto de adxudicación.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Non serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación os actos dos órganos de contratación ditados en relación coas modificacións contractuais non previstas no prego que, de conformidade co disposto nos artigos 105 a 107, sexa preciso realizar unha vez adxudicados os contratos tanto se acordan coma se non a resolución e a realización de nova licitación.

Poderá interpoñer o recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (en diante TACRC), de conformidade co artigo 42 do TRLCSP, toda persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos se visen prexudicados ou poidan resultar afectados polas decisións obxecto de recurso. Todo aquel que se propoña interpoñer recurso deberá anunciálo previamente mediante escrito especificando o acto do procedemento que vaia ser obxecto del, presentado ante o Órgano de contratación (Presidencia da Excm. Deputación provincial de Lugo, San Marcos 8, 27001 Lugo) no prazo máximo previsto no artigo 44.2- quince días hábiles- para a interposición do recurso. A presentación do recurso farase na forma e prazos recollidos no artigo 44 do TRLCSP.

Con carácter previo á interposición do recurso especial en materia de contratación, os interesados poderán solicitar a adopción de medidas provisionais de conformidade co artigo 43 do TRLCSP.

Os licitadores poderán interpoñer a cuestión de nulidade contractual, nos casos aos que se refire o artigo 37.1 do TRLCSP ante o mesmo tribunal, nos termos e prazos previstos no artigo 39 do TRLCSP.

A os efectos de interpoñer ante o TACRC as accións que sexan procedentes, a dirección física do Tribunal é Avda. Xeral Perón, 38; 28020-Madrid, e a dirección da sede electrónica do TACRC é <http://tribunalcontratos.gob.es>.

5.- DOCUMENTACION CONTRACTUAL

1. Terán carácter contractual os seguintes documentos:

- O presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).
- O Prego de Prescricións Técnicas de Concesión (PPT).
- A oferta da Concesionaria.
- O documento de formalización do contrato.
- Anteproxecto de explotación e obras.
- Os anexos á documentación contractual descrita.

A concesionaria deberá respectar o contido íntegro do Regulamento de Organización e Funcionamento do Centro de Recría da Deputación de Lugo "Granxa Gayoso Castro".

2. Os documentos contractuais interpretaranse sistematicamente polo órgano de contratación.



DEPUTACIÓN DE LUGO

3.- En caso de posibles contradicións respecto do contido dalgún dos conceptos incluídos nos documentos enumerados, fundamentalmente entre o PCAP e o PPT, establécese a prevalencia do PCAP sobre o de PPT e resto de documentos.

6.- CANON (PREZO) DO CONTRATO.

1. O prezo do presente contrato virá determinado polo importe a que ascende a retribución en concepto de canon que deberá abonar o concesionario e que ascende ás cantidades mínimas de :
 - a) 5.000 € anuais os dous primeiros anos
 - b) 20.000 € anuais, o segundo e terceiro ano
 - c) 40.000 € a partir do cuarto ano. Non obstante o prezo efectivamente abonado será o ofertado polo adxudicatario, que poderá mellorar á alza este importe (ver criterios de valoración)

O valor estimado deste contrato ascende a 13.020.955,85 euros, segundo o establecido no anexo do anteproxecto de explotación, de conformidade coa seguinte desagregación:

O canon total incluídas as prórrogas ascende a 890.000,00 euros, atendendo á seguinte distribución:

- a) A cuantificación do canon mínimo previsto para 15 anos é de 490.000,00 euros
- b) No caso de prorrogar a duración da concesión por cinco anos máis (20 anos), ao canon mínimo previsto deben engadirse 200.000,00 euros, co que o total do canon previsto é de 690.000, 00 euros
- c) No caso de prorrogar por outros cinco anos (25 anos), ao canon mínimo previsto Terán que engadirse 200.000,00 euros, co que o total do canon mínimo previsto é de 890.000,00 euros.

II.- DEREITOS E OBRIGACIÓNS DAS PARTES.

7.- DEREITOS DA CONCESIONARIA

Na execución do contrato, a concesionaria terá os seguintes dereitos:

- 1) Dispoñer dos medios (edificacións e territorio), adscrito á concesión do Centro de Recría e organizar a prestación da actividade de acordo co conxunto de documentos de índole contractual, dentro dos prazos sinalados no propio contrato.
- 2) Usar, exclusivamente para os fins do presente contrato, as edificacións e base territorial posta a súa disposición, á que se refire a concesión, nos termos previstos no PPT, no presente PCAP e na restante documentación contractual.



DEPUTACIÓN DE LUGO

- 3) Desenvolver a actividade para prestar nos termos previstos no presente PCAP e no PPT, e percibir as contraprestacións correspondentes nos termos previstos na Cláusula 19 do presente PCAP, durante o período de duración da concesión.
- 4) Propoñer a adecuación, reforma, mellora e modernización dos medios postos a súa disposición para adaptalos ás características técnicas e funcionais requiridas para lograr un maior grao de eficiencia na xestión da actividade con suxeición ás esixencias que respecto diso se contemplan no presente PCAP e, no seu caso, no prego de prescricións técnicas.
- 5) Executar as obras necesarias de acordo cos criterios definidos no prego de prescricións técnicas e no seu caso, no anteproyecto de explotación e de obras, necesarias para o ordenado mantemento do centro e aquelas necesarias para mellorar as prestacións durante a súa execución, coa autorización do órgano de contratación, incluídas as de nova planta ou primeiro establecemento.
- 6) Todos os demais dereitos previstos expresamente no TRLCSP e restante normativa de xeneral e concordante aplicación

8.- OBRIGACIÓNS DA CONCESIONARIA

Con carácter enunciativo e non limitativo, sen prexuízo das restantes obrigacións establecidas para o efecto no PPT, no presente PCAP e na restante documentación contractual, en especial a correspondente para prestar a actividade derivada da iniciativa económica tramitada e obxecto do presente PCAP, de forma ininterrompida, cos medios propios da concesión, os postos á súa disposición pola Deputación de Lugo ou medios alleos se fosen autorizados para iso, a concesionaria asumirá as seguintes obrigacións:

8.1- EN RELACIÓN COA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS

1. Prestar os servizos e actividades obxecto do presente PCAP e restante documentación contractual, cos medios propios e os postos á súa disposición pola Deputación de Lugo, sen prexuízo do previsto nesta cláusula e na cláusula 17.
2. Adecuar en cada momento a carteira de servizos obxecto do presente contrato, á lexislación vixente, nos termos previstos nas Cláusulas 2 e 14 do presente PCAP.
3. Prestar as actividades e servizos de forma ininterrompida, observando os niveis de calidade e protocolos sanitarios, así como a dispoñibilidade establecidos ou que poidan esixirse pola normativa vixente seguindo as instrucións que para o efecto lle dirixa a Deputación de Lugo, e en todo caso, garantindo aos usuarios o dereito para utilizar os servizos e actividades do centro nos termos e condicións establecidos no presente PCAP, no PPT e restante documentación contractual, ademais de respectar o regulamento do servizo.
4. Cumprir os requirimentos que lle dirixa o representante da Deputación de Lugo directamente ou a través do Responsable do Contrato en orde á corrección de calquera deficiencia que puidese



DEPUTACIÓN DE LUGO

apreciarse en relación co cumprimento dos niveis de calidade estándares e protocolos fixados para a execución do contrato e a dispoñibilidade que en cada momento estableza a Deputación de Lugo.

Así mesmo, axustará o seu funcionamento ás directrices e normas de carácter xeral que diten as autoridades sanitarias, sen prexuízo da autonomía de xestión do Centro, en orde á efectiva coordinación de servizos e actividades gandeiras no ámbito da provincia de Lugo.

5. Respetar os dereitos dos usuarios dos servizos, e o respecto de toda a información e documentación á que teña acceso en relación co obxecto deste contrato. Para ese efecto, a confidencialidade respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato ou dos que teña coñecemento con ocasión do mesmo, non podendo, por tanto, proporcionar información a terceiros sobre a materia obxecto do contrato, nin permitir o acceso ás instalacións coa devandita finalidade, a non ser que conte a estes efectos coa previa autorización da Deputación de Lugo. Estas obrigacións subsistirán aínda despois de finalizar o prazo de duración da concesión, durante un período de cinco anos.

6. Asumir as obrigacións derivadas de prexuízos que puidesen causarse a usuarios do servizo, polas súas actuacións, incluídas as derivadas da normativa de sanidade animal ou doutro tipo e recoñecidas ben por iniciativa da propia Concesionaria, ben por resolucións xudiciais ou administrativas, aínda que non sexan firmes. A estes efectos, a Concesionaria, para garantir estes riscos, deberá subscribir a correspondente póliza de seguro que debe axustarse ao establecido na Orde AAA/2524/2014, do 19 de decembro, pola que se definen as explotacións de gando asegurables e as súas condicións técnicas mínimas de explotación, o ámbito de aplicación, o período de garantía, as datas de subscripción e o valor unitario dos animais, en relación co seguro de explotación de gando vacún reprodutor e de Recría, comprendido no Plan Anual 2016 de Seguros Agrarios Combinados, ou aquela normativa que derogue ou modifique esta Orde no futuro.

A compensación por morte ou sacrificio obrigatorio por febre aftosa, saneamento gandeiro extra e EEB será o resultado de aplicar a cada tipo de animal, a porcentaxe establecida no anexo V da referida Orde, ou a que estea vixente no momento do sacrificio.

Tales pólizas de seguro deberán estar contratadas con carácter previo á data de formalización do contrato e manterse en vigor durante a correspondente fase de execución do mesmo. Sempre que exista sentenza xudicial firme na que se ordene á Deputación de Lugo o pago dunha indemnización, derivada de responsabilidade directa ou subsidiaria por actuacións incluídas no obxecto do presente contrato, a Deputación de Lugo, sen prexuízo de executar a sentenza, repercutirá o importe abonado á Concesionaria mediante a correspondente factura.

7.- Cumprir a normativa recollida no prego de prescricións técnicas particulares.

8.- Cumprir as determinacións do Regulamento do servizo.



DEPUTACIÓN DE LUGO

9.- Respetar as bases fixadas no anteproxecto da explotación e restante documentación contractual.

10.- O concesionario deberá manter a identidade e integridade das instalacións, debendo mantelas en adecuado estado de conservación para o funcionamento do centro e a entrega á Deputación tanto das instalacións como a superficie territorial posta a disposición da concesionaria cando esta finalice por calquera das causas previstas neste prego de cláusulas administrativas e na normativa contractual que lle resulte de aplicación. A entrega do conxunto de instalacións, incluso as melloras incorporadas e obras executadas durante a concesión administrativa, deberá efectuarse en condicións que permitan continuar, sen solución de continuidade, coa prestación da actividade.

11.- O concesionario deberá dotarse dun seguro de Responsabilidade Civil, incluída a profesional por un importe mínimo asegurado de 1.000.000 euros.

12.- O concesionario terá dereito a aproveitar a masa forestal que exista na base territorial adscrita. Previa valoración pola administración, a condición de que se dedique ese importe para mellorar a base territorial adscrita, previa valoración das obras para executar pola administración ao fin de garantir a equivalencia de valores.

13.- Entre as prestacións que debe realizar a adxudicataria, inclúese a recollida das reses na explotación de orixe para a súa recría e ao finalizar o ciclo ou estancia no centro a súa devolución ás mesmas: deber de transporte que se efectuará cumprindo as prescricións técnicas e sanitarias establecidas

8.2 EN RELACIÓN COA ATENCIÓN AOS USUARIOS.

a) Deberá establecer os mecanismos necesarios para dar respostas cos niveis adecuados de calidade, tanto para resolver dúbidas expostas, como para a solicitude de admisión de novillas no centro, que aseguren no posible, que a información xerada chegue de forma adecuada aos profesionais gandeiros de toda a provincia de Lugo.

b) Con respecto á realización das probas que se realizarán para aceptar a entrada de animais no Centro de Recría, deberá respectar o catálogo de probas e prestacións recollidas no prego de prescricións técnicas, ou, no seu caso, o vixente en cada momento na provincia de Lugo; en particular os protocolos sanitarios previstos no prego de prescricións técnicas.

c) Facilitará o acceso e a resposta adecuada ao ingreso no Centro de Recría a todas solicitudes presentadas polos gandeiros da provincia de Lugo, de acordo co establecido no Regulamento de Organización e Funcionamento do Centro de Recría.

d) Co obxecto de facilitar a interlocución co Centro de Recría, a empresa concesionaria designará unha persoa responsable da continuidade, que será o responsable directo ante a Deputación de Lugo (xefe operativo e interlocutor ante a Deputación Provincial de Lugo).

e) Así mesmo facilitarase na medida do posible o acceso adecuado á información da novilla, ao gandeiro propietario da mesma.



DEPUTACIÓN DE LUGO

- f) En todo caso respectar o PPT, o anteproxecto de explotación e obras así como o Regulamento do servizo e a restante documentación contractual.
- g) Solicitar cantos permisos ou autorizacións sexan precisos para o desenvolvemento da actividade, incluídas as relativas á posta en funcionamento da planta de biogás, será de conta do concesionario a súa obtención. En documento anexo ao PCAP, relaciónanse todos os permisos e licenzas dispoñibles, en correlación co previsto na cláusula 10, letra e) deste prego.

8.3- EN RELACIÓN COA CALIDADE ASISTENCIAL

A concesionaria deberá garantir un alto nivel de calidade e seguridade, cumprindo os obxectivos fixados e os seus correspondentes indicadores.

Os niveis efectivos avalíaranse a través dun conxunto de indicadores agrupados en diferentes dimensións da calidade. A tales efectos, anualmente, a empresa concesionaria deberá remitir á Deputación de Lugo un informe no que se reflicta os indicadores que se relacionan a continuación. Estes indicadores poderán ser revisados e modificados pola Deputación de Lugo, cada dous anos, de acordo coa evolución do coñecemento existente en cada unha delas. Os indicadores consistirán en:

- Calidade técnica e seguridade. A empresa concesionaria remitirá anualmente á Deputación de Lugo un informe que avaliará o impacto que ofrece o Centro de Recría sobre os gandeiros da provincia.
- Accesibilidade: A empresa emitirá informe que permita avaliar a facilidade con que as novillas ingresan no centro, neste informe recolléranse nº de solicitudes aceptadas, nº de solicitudes rexeitadas e causas do seu rexeitamento, e o prazo transcorrido desde que o gandeiro presenta a solicitude de admisión ata que se produce o ingreso efectivo.
- Calidade percibida: incluíranse enquisas que avalíarán a satisfacción percibida polos usuarios así como as reclamacións recibidas en relación coa actividade.
- O concesionario realizará anualmente enquisas de satisfacción, co contido mínimo supervisado polo Responsable do Contrato, aos usuarios do Centro, de forma anónima e cuxos resultados serán trasladados á Deputación Provincial.

Para verificar o cumprimento dos indicadores poderanse realizar, con carácter anual avaliacións ou auditorías externas por parte da Deputación de Lugo, nas que tamén se revisarán as fontes de información e a súa forma de cálculo.

No suposto de non alcanzar algún dos obxectivos anuais, o centro será requirido polo representante da Deputación de Lugo – directamente ou a través do Responsable do Contrato ou da comisión técnica de apoio a este - para presentar medidas correctoras co fin de emendar as deficiencias atopadas. O prazo de corrección establecido non poderá superar o período de seis meses desde a súa posta en marcha, aínda que en atención á gravidade do incumprimento poderase establecer un prazo menor.



DEPUTACIÓN DE LUGO

O representante da Deputación de Lugo, – directamente ou a través do Responsable do Contrato ou da comisión técnica de apoio a este – será o encargado de valorar e verificar o cumprimento das medidas correctoras establecidas para solucionar os problemas ou desviacións detectados e no seu caso de propoñer a incoación do procedemento para a imposición de penalidades derivados da comisión de infraccións de acordo co establecido na cláusula 15 deste prego.

Así mesmo a concesionaria deberá presentar un Plan de Calidade, integrado no proxecto de explotación que será obxecto de valoración a efectos da adxudicación.

8.4.- EN RELACIÓN COA INFRAESTRUTURA, EQUIPAMENTO E MOBILIARIO

8.4.1 A Deputación de Lugo poñerá a disposición do concesionario para a execución do contrato, o Centro apuntado no obxecto do mesmo, as súas infraestruturas (obra e instalacións) e o equipamento para a prestación dos mesmos e os terreos relacionados no conxunto de documentos contractuais (PCAP, PPT, anteproxecto de explotación e os seus anexos).

O concesionario obrígase a :

- a) Realizar á súa costa o mantemento legal, preventivo e correctivo, a reposición e/ou gran reparación do equipamento posto a disposición do concesionario pola Deputación de Lugo. Cando polo normal uso e desgaste, extravío ou por causa de forza maior, fóra necesaria a reposición de maquinaria, instalacións, mobiliario e restante equipamento do Centro por parte do concesionario, unha vez comezada a explotación do servizo, este levaraa a cabo a o seu cargo e deberá respectar ineludiblemente na súa substitución as calidades e prestacións dos elementos orixinais, así como a estética ou imaxe conxunta do establecemento.
- b) Executar á súa costa as actuacións de ampliación, compra ou substitución, que supoñan unha variación das condicións actuais e que non estean incluídas ou sexan consecuencia da oferta do licitador a fin de que os servizos e actividades obxecto do presente contrato, poidan ser desenvolvidos. No caso de que se trate de mobiliario ou de inmobles non existentes no momento da entrega efectiva das instalacións, e que o concesionario incorpore na súa oferta, deberá manter en boas condicións de mantemento e uso devandito equipamento e material, que reverterá á Deputación provincial cando finalice o prazo contractual (cláusula 8.1, apartado 10).
- c) De igual forma será ao seu cargo as actuacións requiridas de conformidade co que en cada momento e segundo o progreso e innovación da ciencia e a normativa vixente, dispoña.
- d) En todo caso, ao final do período concesional o equipamento e instalacións, reverterá á Deputación de Lugo en óptimas condicións de funcionalidade e operatividade, sen cargas nin gravámenes de ningún tipo.
- e) Os contratos de mantemento ou análogos que os mesmos puidesen levar aparelados, deberán respectar o prazo da concesión. Dita limitación será aplicable á compra de calquera outro equipamento mediante calquera instrumento financeiro.
- f) Destinar o uso adecuado á súa finalidade, das infraestruturas, mesmo de base territorial, equipamento e mobiliario postos á súa disposición para a prestación do servizo concesionado, nos termos e condicións recollidos no PCAP e PPTE, todo iso sen prexuízo e cos límites derivados do



DEPUTACIÓN DE LUGO

contrato de concesión. Estas infraestructuras destinaránse de forma exclusiva á prestación dos servizos obxecto do presente contrato.

No prazo que media desde a adxudicación do contrato ata a formalización do mesmo pola concesionaria, a concesionaria realizará un acta de recepción e de comprobación do equipamento, edificacións e base territorial, adscritos á prestación, de acordo co previsto neste PCAP, no PPT e no anteproxecto de explotación. A acta haberá de asinarse polo Responsable do Contrato e por un representante da concesionaria debidamente habilitado designado a tales efectos. A concesionaria poderá propoñer á Deputación de Lugo as reformas que considere necesario realizar no mencionado centro para o inicio da actividade obxecto do contrato. Para a súa execución, o proxecto presentado pola empresa concesionaria deberá ser obxecto de aprobación expresa por parte da Deputación de Lugo, que valorará a necesidade da realización das devanditas obras, dentro dos termos dos documentos técnicos de licitación e do proxecto de explotación e, no seu caso, obras presentadas á licitación pola entidade adxudicataria da concesión.

8.4.2.- **Investimentos necesarios.** Son as descritas no prego de prescricións técnicas e no anteproxecto da explotación e en base a estes documentos, no proxecto de explotación presentado polo adxudicatario, serán de conta e risco da concesionaria.

Á execución e recepción destas obras, resultarlles de aplicación o previsto nos artigos 183 e 185 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, e complementariamente as disposicións específicas do contrato de obras. O concesionario deberase prover das licenzas e autorizacións que resulten necesarias para a súa execución.

8.5 EN RELACIÓN CON SISTEMAS DE INFORMACION

O concesionario obrígase a:

1. Fornecer e manter as aplicacións informáticas necesarias para soporte administrativo garantindo a compatibilidade dese sistema coas aplicacións da Deputación Provincial, ao fin de que sexa posible traspasar en formato practicable a información que sexa requirida.
2. Permitir e facilitar á Deputación de Lugo o acceso e uso permanente ás aplicacións informáticas. A unidade administrativa do Centro poderá ser utilizada tamén para os servizos administrativos da Excm. Deputación provincial de Lugo, así como polo persoal investigador autorizado pola Deputación provincial de Lugo, polos alumnos en prácticas de centros docentes da provincia, así como polo profesorado de ciclos formativos que se estean impartindo pola Deputación provincial de Lugo, respectando en todo caso os protocolos sanitarios implantados e como mínimo os previstos no prego de prescricións técnicas.
3. Á finalización e/ou resolución do contrato de concesión o concesionario deberá contemplar a devolución das infraestructuras tecnolóxicas e sistemas de información soportados polas mesmas en



DEPUTACIÓN DE LUGO

condicións óptimas de uso e actualizadas, co obxecto de garantir a continuidade do servizo, libres de cargas e gravames.

4. O concesionario proporcionará as autorizacións e accesos necesarios a solicitude da Deputación Provincial de Lugo, aos seus sistemas de información tanto para acceso a funcionalidades dos aplicativos como a nivel de dato almacenado nos mesmos. Igualmente facilitará á Deputación de Lugo, coas correspondentes medidas de seguridade e ás persoas estritamente autorizadas o acceso a datos, cos perfís de usuario que se precisen.

8.6.- EN RELACIÓN COA DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

A concesionaria permitirá o desenvolvemento no Centro de Recría de actividades docentes e de investigación, respectando os protocolos sanitarios implantados e, en todo caso, coa condición de mínimos os descritos no prego de prescricións técnicas.

8.7.- OUTRAS OBRIGACIÓNS

O concesionario obrigase a:

- a) Sufragar os gastos derivados da publicidade da licitación que o órgano de contratación decida realizar en Boletíns Oficiais (art. 67.2.g RXLC), así como os de formalización do contrato, se este se eleve a escritura pública.
- b) Sufragar os gastos de mantemento, gastos correntes e de consumos enerxéticos, de abastecemento de augas e outras subministracións correspondentes aos espazos utilizados. A concesionaria deberá realizar o cambio de titularidade dos contratos das subministracións enerxéticas, auga e similar, ao comezo da concesión. Os custos derivados deste cambio serán a cargo da concesionaria. De igual forma, a concesionaria deberá xestionar o cambio de titularidade necesario á finalización do contrato, a favor dos titulares que determine a Deputación de Lugo, asumindo ao seu cargo os custos.
- c) Fornecer toda a información de carácter económico e técnico que lle sexa requirida, na forma e prazos que a Deputación de Lugo determine en cada momento.
- d) Responsabilizarse da obtención, mantemento e xestión de cantos permisos, autorizacións e licenzas sexan pertinentes, así como dos impostos (e porén o IBI dos inmobles adscritos á execución), taxas e gravames fiscais que recaian sobre o obxecto do contrato de conformidade co previsto no presente PCAP. Deberá pois abonar toda clase de impostos e arbitrios a que dea lugar a concesión.
- e) Para os efectos da comprobación do establecido no apartado anterior, o concesionario do contrato, sempre que o requira o órgano de contratación, o responsable do contrato e/ou a comisión técnica de apoio, deberá presentar, xunto co pago do canon, certificacións positivas actualizadas ás devanditas datas, acreditativas de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Seguridade Social e Axencia Tributaria, ou acreditar documentalmente que están satisfeitas as cotas



DEPUTACIÓN DE LUGO

á Seguridade Social correspondentes ao persoal adscrito á execución do contrato. Esta información será achegada cunha periodicidade mínima de seis meses.

- f) Manter a garantía prevista na Cláusula 8 e 34 do presente PCAP.
- g) Responder de todos os danos directos ou indirectos que se produzan a calquera persoa, propiedade ou servizo público ou privado, como consecuencia da súa acción ou omisión, debendo indemnizar os danos que se causen a terceiros ocasionados polas actividades que requira a execución do contrato, salvo que o dano sexa consecuencia inmediata e directa dunha orde da Deputación de Lugo. A estes efectos, a Concesionaria deberá subscribir e manter as correspondentes pólizas de seguro para garantir estes riscos, nos termos previstos neste prego de cláusulas administrativas.
- h) Ante as incidencias que puidesen xurdir no marco da execución das prestacións obxecto do presente contrato, a Concesionaria de acordo cos principios de dilixencia e boa fe, deberá adoptar, aínda cando a incidencia non lle fose imputable, todas as medidas ao seu alcance para evitar os prexuízos que puidesen ocasionar ao interese xeral e á Deputación de Lugo como parte contractual.
- i) A Concesionaria deberá proporcionar tanto ao Responsable do Contrato como ás persoas integrantes da comisión técnica de apoio información íntegra e veraz en forma e tempo sobre os acontecementos detectados que poidan afectar á adecuada execución do obxecto do contrato. Así mesmo, deberá facilitar a realización das súas tarefas inspectoras, poñendo á súa disposición tanta información e documentos sexan necesarios, permitindo o acceso a todas as dependencias, instalacións e zonas complementarias.
O concesionario deberá solicitar de a Excma. Deputación de Lugo a correspondente prórroga, como mínimo con dous meses de antelación ao vencimiento do prazo do contrato, debendo a Excma. Deputación de Lugo resolver expresamente no caso de que proceda. A decisión de prorrogar, a demanda da concesionaria será en todo caso facultativa para a Deputación de Lugo. De non solicitar a prórroga, a Excma. Deputación de Lugo poderá proceder á prórroga de oficio mediante resolución que será comunicada ao concesionario antes do vencimiento do prazo inicialmente previsto, sendo esta de obrigado cumprimento para o concesionario, de conformidade co artigo 23.2 do TRLCSP. No caso de producirse prórroga do contrato permanecerán inalterables as características do contrato, durante a duración desta.

Lugo, 28 de novembro de 2016

O XEFE DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

Edo: Manuel Ángel Jove Losada

Conforme:

O CONCESIONARIO



DEPUTACIÓN DE LUGO

ANEXO I Modelo de declaración de non atoparse en causa de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración. (Incluír no sobre A).

D/Dª DNI

☐ En nome propio

Con domicilio a efectos de notificación en:

Cale/Praza Nº

Poboación CP

☐ En representación de CIF

Con domicilio a efectos de notificación en:

Cale/Praza Nº

Poboación CP

Declaro baixo a miña responsabilidade:

1.- Que non estou incurso en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración e que os administradores da persoa xurídica que represento non están incurso en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración das enumeradas no artigo 60 do TRLCSP e no artigo 38 da Directiva 2014/23/UE.

2.- Que estou o corrente no pago e/ou que a persoa xurídica a que represento está ao corrente no pago, das obrigacións tributarias e de seguridade social, nos termos establecidos polos artigos 13 e 14 do RGLC.

3.- Que non teño pendente de pago e/ou que a persoa xurídica á que represento non ten pendente de pago, ningunha débeda en período executivo coa Deputación de Lugo.

4.- Que a persoa xurídica á que represento está dada de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato e non causou baixa no mesmo

Todo o que manifesto baixo a miña responsabilidade para tomar parte no procedemento aberto do contrato de concesión de a xestión e explotación do Centro de Recría Granxa Gaioso, Castro (Lugo).

En de de 201-.

O CONTRATISTA

Fdo: D/Dª



DEPUTACIÓN DE LUGO

ANEXO II Modelo de declaración sobre a capacidade e solvencia para contratar coa administración (Incluír no sobre A).

D/D^a DNI

☐ En nome propio

Con domicilio a efectos de notificación en:

Cale/Praza N^o

Poboación CP

☐ En representación de CIF

Con domicilio a efectos de notificación en:

Cale/Praza N^o

Poboación CP

Declaro baixo a miña responsabilidade:

Que cumpro/ que a persoa xurídica á que represento cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración, incluídas as condicións de capacidade e solvencia recollidas na cláusula trixésimo segunda do prego de cláusulas administrativas e que me coñezo e comprométome a cumprir todas as obrigacións contractuais esenciais, para os efectos do artigo 223.f), recollidas na cláusula 22.3 do prego de cláusulas administrativas.

Que me comprometo a adscribir á execución do contrato, como mínimo, ao persoal descrito na cláusula 14.3.1 do prego de cláusulas administrativas.

Todo o que manifesto baixo a miña responsabilidade para tomar parte no procedemento aberto do contrato de concesión de a xestión e explotación do Centro de Recría Granxa Gaioso, Castro (Lugo).

En , de de 201-.

O CONTRATISTA

Fdo: D/D^a

(Firma)



DEPUTACIÓN DE LUGO

ANEXO III. Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación (Incluir no sobre A):

D/Dª DNI

☐ En nome propio

Con domicilio a efectos de notificación en:

Calle/Praza Nº

Poboación CP

☐ En representación de CIF

Con domicilio a efectos de notificación en:

Calle/Praza Nº

Poboación CP

Acepto expresamente que as comunicacións e notificacións que realice a Excm. Deputación provincial de Lugo para o contrato de concesión da xestión e explotación do Centro de Recría Granxa Gayoso, Castro (Lugo), realícense mediante o seu envío ao fax número: ou á dirección de correo electrónico:

En , de de 201-.

O CONTRATISTA

Fdo: D/Dª

(Firma)



DEPUTACIÓN DE LUGO

ANEXO IV: MODELO DA PROPOSICIÓN ECONÓMICA: (Incluir no sobre C).

D/Dª DNI

☐ En nome propio

Con domicilio a efectos de notificación en:

Calle/Praza Nº

Poboación CP

☐ En representación de CIF

Con domicilio a efectos de notificación en:

Calle/Praza Nº

Poboación CP

Toma parte no procedemento aberto do contrato de concesión da xestión e explotación do Centro de Recría Granxa Gaioso, Castro (Lugo), anunciado no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil do Contratante, e para o que fai constar expresamente, que:

- Coñezo e acepto integramente o prego que serve de base ao contrato
- Comprométome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de canon anual de ...
..... Euros (excepción feita do primeiros catro anos, nos que o canon ascenderá a :
 - 5.000,00 euros, os dous primeiros anos
 - 20.000,00 euros, o terceiro e cuarto ano
- Comprométome a cobrar aos usuarios do servizo unha tarifa deeuros por cabeza e día, pola utilización do servizo.

En , de de 201....

O CONTRATISTA

Fdo: D/Dª

(Firma)



DEPUTACIÓN DE LUGO

ANEXO V. MODELO DE AVAL (GARANTÍA DEFINITIVA.A.) [modelo a presentar polo licitador proposto como adxudicatario].

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía mutua), con CIF , e con domicilio a efectos de notificacións e requirimentos na (cale/praza/avenida, código postal, localidade), e no seu nome (nome e apelidos dos apoderados), con poder suficiente para obrigala neste acto, segundo resulta do bastanteo de poder que se apunta na parte inferior deste documento,

AVALA a: (nome e apelidos ou razón social do avalado), con CIF/NIF , en concepto de garantía definitiva en virtude do disposto polo artigo 95 do TRLCSP para responder das obrigacións seguintes: (detallar o obxecto do contrato), ante a Excma. Deputación provincial de Lugo, por importe de: (en letra e en cifra).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Este aval outórgase solidariamente respecto ao obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pago ao primeiro requirimento da Excma. Deputación provincial de Lugo, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos do sector público, nas súas normas de desenvolvemento e na normativa reguladora da Caixa xeral de depósitos.

O presente aval estará en vigor ata que a Excma. Deputación provincial de Lugo ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para iso autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido na Lei de contratos do sector público e lexislación complementaria.

(Lugar e data)

(Razón social da entidade)

(Firma dos apoderados)

Bastanteo de poder pola Asesoría Xurídica da C.G.D. ou Avogacía do Estado		
Provincia	Data	Número ou código



DEPUTACIÓN DE LUGO

ANEXO VI : MODELO DE EXENCIÓN DE PAGO DO IAE. [Modelo a presentar polo licitador proposto como adxudicatario, se está exento do pago do IAE].

D/D^a DNI

☐ En nome propio

Con domicilio a efectos de notificación en:

Cale/Praza N^o

Poboación CP

☐ En representación de CIF

Con domicilio a efectos de notificación en:

Cale/Praza N^o

Poboación CP

Declaro baixo a miña responsabilidade:

1. Que estou dado de alta/ a entidade mercantil á que represento está dada de alta na Axencia Tributaria en nos epígrafes/s , e está exenta do pago do IAE no exercicio , de conformidade co artigo 82, apartado 1, letra c do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Todo o que manifesto baixo a miña responsabilidade para a adxudicación mediante procedemento aberto do contrato de concesión para a realización de a xestión e explotación do Centro de Recría Granxa Gaioso, Castro (Lugo)

En , de de 201....

O CONTRATISTA

Fdo: D/D^a

(Firma)



DEPUTACIÓN DE LUGO

ANEXO VII: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE A VIXENCIA DOS DATOS QUE FIGURAN NO REXISTRO DE LICITADORES DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO [modelo a presentar polo licitador proposto como adxudicatario].

D/Dª DNI

☐ En nome propio

Con domicilio a efectos de notificación en:

Calle/Praza Nº

Poboación CP

☐ En representación de CIF

Con domicilio a efectos de notificación en:

Calle/Praza Nº

Poboación CP

Declaro baixo a miña responsabilidade:

1. Que me atopo inscrito no Rexistro de contratistas da Excma. Deputación provincial de Lugo/ que a empresa que represento atópase inscrita no Rexistro de contratistas da Excma. Deputación provincial de Lugo co número
2. Que as condicións e circunstancias declaradas no momento da inscrición, e que serviron de base para a mesma, non experimentaron variación algunha.

Todo o que manifesto baixo a miña responsabilidade para a adxudicación mediante procedemento aberto do contrato de concesión da xestión e explotación do Centro de Recría Granxa Gaioso, Castro (Lugo)

En , de de 201....

O CONTRATISTA

Fdo: D/Dª

(Firma)



DEPUTACIÓN DE LUGO

ANEXO VIII: MODELO DE AUTORIZACIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA A SOLICITUDE DO CERTIFICADO RELATIVO ÁS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS COA EXCMA. DIPUTACION PROVINCIAL DE LUGO. [Modelo a presentar polo licitador proposto como adxudicatario].

D/D^a DNI

☐ En nome propio

Con domicilio a efectos de notificación en:

Cale/Praza N^o

Poboación CP

☐ En representación de CIF

Con domicilio a efectos de notificación en:

Cale/Praza N^o

Poboación CP

AUTORIZO á Deputación Provincial de Lugo para que solicite no meu nome ao Servizo de Recadación certificación relativa ás obrigacións tributarias coa Excma. Deputación Provincial de Lugo, para a adxudicación mediante procedemento aberto do contrato de concesión da xestión e explotación do Centro de Recría Granxa Gaioso, Castro (Lugo)

En , de de 201....

O CONTRATISTA

Fdo: D/D^a

(Firma)



DEPUTACIÓN DE LUGO

ANEXO IX: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE A INCORPORACIÓN Ao PERSOAL DA EMPRESA DE TRABALLADORES MINUSVÁLIDOS (Incluir no sobre C):

D/Dª DNI

☐ En nome propio

Con domicilio a efectos de notificación en:

Calle/Praza Nº

Poboación CP

☐ En representación de CIF

Con domicilio a efectos de notificación en:

Calle/Praza Nº

Poboación CP

Declaro baixo a miña responsabilidade que:

O número de traballadores en persoal da empresa que represento é traballadores.

O número particular de traballadores con discapacidade na mesma é traballadores.

Igualmente declaro:

Que, de resultar adxudicataria do presente contrato e durante a vixencia do mesmo, asume o deber de ter empregados traballadores minusválidos nun 2%, cando menos do persoal da empresa, se esta alcanza un número de 50 ou máis traballadores, de acordo co artigo 42 do Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, ou a de adoptar as medidas alternativas establecidas no R.D. 364/2005, do 8 de abril. Polo que se regula o cumprimento alternativo con carácter excepcional da cota de reserva a favor dos traballadores con discapacidade

Nota: En caso de ter optado polas medidas alternativas legalmente previstas, e no caso de resultar adxudicataria, a empresa deberá achegar unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración coas concretas medidas para o efecto aplicadas.

En, de de 201.....

O CONTRATISTA

Fdo: D/Dª



DEPUTACIÓN DE LUGO

**ANEXO X: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE O PERSOAL
ADSCRITO Á EXECUCIÓN DO CONTRATO. (Incluír no sobre B)**

D/Dª DNI

☐ En nome propio

Con domicilio a efectos de notificación en:

Cale/Praza Nº

Poboación CP

☐ En representación de CIF

Con domicilio a efectos de notificación en:

Cale/Praza Nº

Poboación CP

Nota: Deberá incorporarse neste sobre B a documentación, información e compromisos precisos para valorar os criterios non avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, apartados de proxecto de explotación (cos seus subcriterios) e participación de gandeiros no proxecto (cos seus subcriterios)

En , de de 201....

O CONTRATISTA

Fdo: D/Dª



DEPUTACIÓN DE LUGO

ANEXO XI : BASE 10.B DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Cesión de créditos:

Nas cesións de créditos que poidan e efectuar acredores da corporación, seguiranse as normas e trámites establecidos na lexislación vixente sobre contratos do Sector Público e en todo caso, teranse en conta as seguintes normas:

1.-Requisitos necesarios para a efectividade das cesións.

1.1. Terán efectividade fronte á Deputación Provincial de Lugo ou a os seus entes dependentes as cesións de créditos efectuadas polos contratistas, que resultasen adxudicatarias de contratos celebrados coa devandita Administración, cando se cumpran os seguintes requisitos:

a) A cesión haberá de poñerse en coñecemento da Deputación de Lugo ou os seus entes dependentes, para o que deberá realizar notificación fidedigna da cesión conforme ao procedemento indicado máis adiante .

b) Que o crédito obxecto de cesión non se atope xa en estado de “ordenación de pagos” ou en estado de “abonado”.

1.2. Non terán efecto fronte á Deputación de Lugo ou a os seus entes dependentes, polo que non se tomará razón das cesións de crédito relativas a:

a) Expropiacións forzosas.

b) Facturas emitidas por persoas físicas ou xurídicas respecto das cales exista anotación de embargo xudicial ou administrativo, vixente na contabilidade, por importe superior ao crédito que se pretende ceder.

Se é o caso de que o importe da orde de embargo sexa inferior ao crédito que se pretende ceder, procederase á “toma de razón” da cesión só na parte do crédito que non fora obxecto de embargo, unha vez practicados os descontos correspondentes ao momento do recoñecemento do deber, segundo o establecido nos pregos de condicións ou na lexislación vixente.

c) Facturas incluídas en expedientes de recoñecemento de deberes, nos que formularsen reparos suspensivos polo órgano interventor, conforme ao artigo 216 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

1.3. A cantidade para abonar ao cesionario poderá ser inferior ao importe certificado ou facturado cando no momento do recoñecemento do deber practíquense os descontos correspondentes, conforme ao establecido nos pregos de condicións ou na lexislación vixente. Sobre o devandito desconto deixarase constancia na toma de razón segundo o procedemento descrito no apartado relativo ás “actuacións da Administración”.

2.-Obrigacións do cedente e cesionario.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Para que a cesión de crédito considérese fidedignamente notificada á Deputación de Lugo ou a os seus entes dependentes, deberán seguir os seguintes trámites, os cales variarán segundo trátase de cesións de créditos existentes ou de créditos futuros.

2.1.- Considérase que existe crédito cando o contratista realizase a prestación obxecto do contrato e emitise a factura correspondente, estando a mesma conformada polos servizos técnicos da Deputación de Lugo ou dos seus entes dependentes.

O contratista deberá remitir ás oficinas da Intervención xeral ou á Intervención dos seus entes dependentes:

a) Comunicación da cesión do crédito, indicando o número da certificación ou factura, importe da mesma, data de emisión e concepto e identificación do cesionario (nome ou razón social e NIF), así como os datos bancarios do mesmo necesarios para efectuarlle os pagos. Este trámite non será necesario cando directamente fágase entrega dun exemplar da certificación ou factura na que conste a cesión e aceptación do crédito coas firmas correspondentes e identificación dos asinantes, na dirección anteriormente indicada.

b) Cando se lle comunicase a cesión de crédito conforme ao establecido no apartado anterior deberá facerse entrega, con posterioridade, dun exemplar da certificación ou factura na que conste a cesión e aceptación do crédito, coas firmas correspondentes e identificación dos asinantes. Cando o poder para efectuar a cesión do crédito sexa mancomunado deberán constar as firmas e identificacións de todos os apoderados.

c) Poderes bastanteados pola Asesoría xurídica que acrediten tanto o asinante cedente como o asinante cesionario para ceder créditos e aceptar cesións de créditos, respectivamente.

d) Fotocopia do DNI dos asinantes.

2.2.- Considéranse créditos futuros aqueles que se deriven de prestacións relativas a contratos celebrados e perfeccionados entre o cedente e a Deputación de Lugo ou os seus entes dependentes, sempre que no momento da cesión non se realizasen as prestacións obxecto de contratación, ou que realizándose, non existise factura ou certificación ou a mesma estivese pendente de conformar polos servizos técnicos correspondentes.

O contratista deberá remitir ás oficinas da Intervención xeral ou ás Intervencións dos entes dependentes:

a) Comunicación dos contratos que poderán dar lugar á cesión de créditos, indicando:

-Relación de contratos obxecto de cesión: A este respecto acompañarase copia dos contratos formalizados ou, na súa falta, deberanse identificar co número de expediente, importe da adxudicación e denominación do mesmo.

-Se a cesión de créditos futuros realizácese mediante contrato de factoring deberá achegarse copia do mesmo, no que deberá constar, de maneira expresa, a relación de contratos celebrados entre a empresa cedente e a Deputación de Lugo ou os seus entes dependentes que sexan obxecto do



DEPUTACIÓN DE LUGO

contrato de factoring . En todo caso a identificación dos contratos deberá realizarse conforme o establecido no apartado anterior.

No caso de que as facturas derivadas dos mencionados contratos, que sexan obxecto do factoring, sexan anteriores á data deste , deberase emitir relación conformada pola empresa de factoring e pola empresa cedente indicando o número, importe, data de emisión e concepto das facturas factorizadas.

-Identificación do cesionario (nome ou razón social e NIF), así como os seus datos bancarios.

b) Poderes bastanteados pola Asesoría xurídica que acrediten tanto ao asinante cedente como ao asinante cesionario para ceder créditos e aceptar cesións de créditos, respectivamente.

c) Fotocopia do DNI dos asinantes.

A Presentación da documentación referida neste apartado 2.2 non vinculará á Administración para a toma de razón da cesión de créditos, a cal só se efectuará cando, unha vez realizadas as prestacións obxecto dos contratos sinalados na comunicación, as certificacións ou facturas conformadas polos servizos provinciais conteñan indicación da cesión e aceptación do crédito, coas firmas correspondentes e identificación dos asinantes, e o recoñecemento do deber atópese aprobado polo órgano competente.

Cando o poder para efectuar a cesión de crédito sexa mancomunado deberán constar as firmas e identificación de todos os apoderados.

3.- Actuacións da Administración.

Unha vez aprobado o recoñecemento do deber polo órgano competente, efectuarase a toma de razón no corpo da factura ou certificación xustificativa do crédito polos servizos correspondentes da Intervención xeral ou da Intervención dos seus entes dependentes, e procederase ao abono a nome do cesionario. Para iso verificarase polos devanditos servizos que o crédito obxecto de cesión cumpre o establecido nos apartados

1 “Requisitos necesarios para a efectividade das cesións” e 2 “Deberes do cedente e cesionario na cesión”.

Cando no momento do recoñecemento do deber practíquense os descontos establecidos nos pregos de condicións que rexen a contratación ou os esixidos pola lexislación vixente, devandito extremo poñerase de manifesto na toma de razón.

Cando así sexa requirido polos interesados, facilitarase unha fotocopia da factura ou certificación na que conste a toma de razón.

Se na data da comunicación fidedigna da cesión do dereito de crédito á Administración constase na mesma a incoación dun procedemento de compensación das débedas do cedente coa Deputación e os seus entes dependentes, quedará suspendida a toma de razón da cesión do crédito.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Se unha vez realizada a cesión e a preceptiva toma de razón, segundo o disposto nos apartados anteriores, e antes de producirse o pago, recibíse o orde de embargo expedida pola autoridade xudicial ou administrativa, procederase da seguinte maneira:

- Notificarase ao cedente e ao cesionario a mencionada circunstancia para que no prazo de 10 días manifesten o que no seu dereito conveña.
- Así mesmo trasladarase á autoridade que ordena o embargo a existencia da cesión para que tamén se pronuncie ao respecto.
- Se transcorrido o citado prazo non se obtívese resposta ou xurdise calquera tipo de discrepancia, e a menos que da autoridade que realiza o embargo recibíse outra instrución, procederase, previa comunicación aos interesados, a realizar a consignación na Caixa xeral de depósitos provincial.



DEPUTACIÓN DE LUGO

ANEXOS XII: LICENZAS E DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
ANEXO XIII: CONVENIOS E COMPROMISOS

ANEXO XII DEL
PLIEGO DE
CLÁUSULAS
ADMINISTRATIVAS.
LICENCIAS Y
DECLARACIÓN DE
IMPACTO
AMBIENTAL



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P. 2701000 H - R. E. L. 01270109

**DONA MARÍA JOSEFA FERNÁNDEZ LEGASPI, SECRETARIA DO
CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO),**

CERTIFICO: Que o Alcalde-Presidente deste Concello, por Decreto nº.
12/2016 do día vintedous de xaneiro do dous mil dezaseis, resolveu:

"LICENZA DEFINITIVA DE ACTIVIDADE.

Vista a licenza outorgada ó INLUDES, por acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de marzo de 2011 para "construción de centro de recría na granxa Gayoso Castro" na parroquia de Duarria, segundo Proxecto Básico e de Execución de outubro de 2009 e decembro de 2010, redactado pola Arquitecta M. Mónica Sanz Guerra, colexiada nº 2722; e a MODIFICACIÓN Nº. 1 da Licenza para a actividade e obra conforme: "Proxecto de execución da planta de Biogás no Centro de Recría da Granxa Gayoso Castro" asinado polo Enxeñeiro Industrial do ICAI D. Pablo Fernández Castro (col. 985/201) autorizada por Decreto da Alcaldía nº 156 de 22 de maio de 2015.

Tendo en conta que o interesado solicita Visita municipal de comprobación con rexistro de entrada no Concello de Castro de Rei nº 2894 de 18 de setembro de 2015.

E que segundo a Declaración de Impacto Ambiental, unha vez rematen as obras a empresa remitirá ó Concello de Castro de Rei e á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, unha memoria na que se recolla entre outros puntos, o *Certificado fin de obra emitido por técnico competente*. Consta na documentación aportada o 25 de novembro de 2015 un Certificado Final de Obra asinado por D. Eliseo Quintero Feal, enxeñeiro técnico agrícola.

Visto o Informe técnico de data 18 de xaneiro de 2016:

En virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases de Réxime Local e do Decreto de Alcaldía 338/2015, de 9 de setembro (publicado no BOP o 27 de novembro de 2015), RESOLVO:

Primeiro. Autorizar á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, para o inicio da actividade de centro de recría na granxa Gayoso Castro, parcelas 31, 40 e 41 do polígono 221 da parroquia de Duarria, deste Concello, sen prexuízo da autorización do organismo competente en materia de sanidade.

Segundo. Notificar este acordo ao interesado."

CONCORDA co particular do Decreto ó que me remito.

E para que conste, xurda os seus efectos no Expediente da súa razón e cumprimento do disposto nos artigos 204 e 205 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación, salvo erro ou omisión involuntarios, de orde e co visto e praxe do Señor Alcalde-Presidente, que firmo en Castro de Rei a vintedous de xaneiro do dous mil



Vo. pr.
Alcalde-Presidente,

Asdo. Francisco Javier Balado Teijeiro.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



XACOBEO 2010
Galicia

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL, EN DATA DE 11 DE XANEIRO DE 2011, RELATIVA Ó PROXECTO DE EXECUCIÓN DE CONSTRUCCIÓN DE CENTRO DE RECRÍA NA GRANXA GAYOSO-CASTRO, SITO NO LUGAR E PARROQUIA DE DUARRÍA, NO CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO), PROMOVIDA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIA DE LUGO. (CLAVE: 2009/0199).

ANTECEDENTES

En data de 23 de xullo de 2009 entrou na Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o proxecto referido no encabezamento, remitido pola Deputación Provincial de Lugo, por considerar que podería estar sometido ó procedemento de avaliación de impacto ambiental.

A actividade proxectada consiste na creación dun centro público de recría para reses bovinas, destinadas á produción de leite, con capacidade para unhas 3.000 cabezas de gando, sito dentro do recinto das actuais instalacións da Granxa Gayoso-Castro, no concello de Castro de Rei (Lugo).

O proxecto cualificouse como sometido o procedemento de avaliación de impacto ambiental ó estar incluído no Anexo I, grupo 1.,.7 do Real Decreto lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Impacto Ambiental de proxectos, no que se recollen as instalacións de gandeira intensiva que superen as 600 prazas de vacún de ceba, asimilando neste caso, que o proceso de recría do vacún é moi similar o proceso de ceba.

No Anexo I da presente Declaración inclúese un resumo do proxecto e das características da zona de implantación.

En cumprimento do establecido regulamentariamente, con data de 2 de febreiro de 2010 publícase no DOG (nº 21) o anuncio de exposición pública do proxecto referido no encabezamento, sen que nese período se producisen alegacións.

Con data de 17 de decembro de 2010 complétase o expediente ambiental, neste se inclúe o certificado de exposición pública emitido polo Concello de Castro de Rei, e os seguinte informes, dos distintos organismos consultados:

ORGANISMO CONSULTADO	RECIBIDO	NON RECIBIDO
Dirección Xeral de Producción Agropecuaria	X	
Dirección xeral de Conservación da Natureza	X	
Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe	X	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	X	
Confederación Hidrográfica do Miño-Sil	X	
Concello de Castro de Rei	X	

Cumprimentada a tramitación, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, no exercicio das competencias que lle concede o Decreto 316/2009, do 4 de xuño, formula a Declaración de Impacto Ambiental para o "Proxecto de execución de construción de

DECLARACIÓN: PROXECTO DE EXECUCIÓN DE CONTRUCCÓN DE CENTRO DE RECRÍA NA GRANXA GAYOSO-CASTRO.
PROMOTOR: DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO).



centro de recría na granxa Gayoso-Castro", sito no lugar e parroquia de Duarria, no termo municipal de Castro de Rei, con capacidade para 3.000 cabezas.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL

Examinada a documentación que constitúe o expediente, esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental considera que o proxecto é ambientalmente viable, sempre que se cumpran as condicións que se establecen na presente DIA, ademais das incluídas no estudo de impacto ambiental, sen prexuízo do cumprimento de outras normas vixentes que poidan impedir ou condicionar a súa realización. No caso de que exista contradición entre o indicado no Estudo e o establecido na presente Declaración, prevalecerá o disposto nesta última.

Ademais do obrigado cumprimento do estipulado nesta DIA, si se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental, por iniciativa propia ou a proposta do órgano substantivo, poderá ditar, ós sós efectos ambientais, condicións adicionais ás establecidas neste documento.

Estas condicións poderán ser revisadas de oficio ou por solicitude do promotor co obxecto de incorporar medidas que acheguen unha maior protección ó medio. Ademais disto, o promotor poderá solicitar a súa revisión naqueles supostos que tecnoloxicamente presenten graves dificultades para a súa implantación ou impliquen modificacións importantes na actividade, sempre e cando as novas medidas permitan acadar os obxectivos e fins da DIA. Neste caso o promotor proporá ó órgano ambiental novas medidas ou condicións, entregándolle para iso unha solicitude de modificación das condicións establecidas na DIA e/ou no Estudo, achegando tamén toda a información necesaria que xustifique a dificultade de cumprir coas condicións aprobadas nesta Declaración e que a relación das novas medidas propostas cumpren cos obxectivos e fins da Declaración.

Asemade tal e como se recolle nesta declaración, elaborárase un "Programa de Vixilancia Ambiental" que se desenvolvera nas fases de estudo, obras, explotación e peche.

1.-ÁMBITO DA DECLARACIÓN

A presente declaración refírese á construción dun centro de recría para gando vacún de leite, con capacidade para 3.000 cabezas, sito no lugar e parroquia de Duarria, no termo municipal de Castro de Rei, a explotación situarase dentro do recinto das actuais instalacións da Granxa Gayoso-Castro, tal e como se recolle no plano nº 2 "Emprazamento", do estudo de impacto ambiental do "Proxecto de execución de construción de centro de recría na granxa Gayoso-Castro" redactado por Tragsa en decembro de 2009.

2.-PROTECCIÓN DA ATMOSFERA.

2.1.-Fase de obra.

Co fin de minimizar a emisión de po á atmosfera durante a fase de obras, de darse condicións de seca e/ou fortes ventos procederase á rega das superficies, evitando en



todo momento asolagamentos e escoamentos. Asemade, no caso de transportar materiais pulverulentos os camiões deberán ir cubertos por lonas.

A maquinaria de obras debere cumprir coa normativa de emisións e que lle resulte de aplicación e debere dispor de documentación acreditativa ó respecto.

Se fose preciso desmontar cubertas de fibrocemento con amianto, procederase segundo a normativa vixente para a retirada e xestión destes residuos perigosos.

2.2.-Fase de explotación.

Os niveis de presión sonora relacionados ca actividade desta granxa non poderán superar os valores límite de recepción para ruído no ambiente exterior recollidos no Decreto 320/2002, de 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que establece as ordenanzas tipo sobre protección contra a contaminación acústica, en función da zona de sensibilidade acústica que corresponda ou na lexislación do Concello de Castro de Rei, no caso de que dispoña dela.

Calquera actividade puntual programable, que poida supor un incremento nos niveis de presión sonora, como a alimentación das xatas e a carga de animais para o seu transporte, realizarase sempre que sexa posible en período diúrno.

Para a descarga de penso ou outros materiais pulverulentos empregaranse mangas ou outros elementos que eviten a dispersión de po no aire.

As fiestras e portas das naves así como o resto de comportas, manteranse abertas o tempo estritamente necesario para realizar as operacións correspondentes.

Levaranse a cabo labores de mantemento preventivo da maquinaria e vehículos desta explotación, a fin de reducir as emisións dos mesmos.

Evitarase o manexo do esterco en días de fortes ventos, festividadeas ou en fin de semana, así como aplicación destes en terreos próximos a núcleos de poboación. No seu espaxamento respectaranse as distancias mínimas indicadas no Código Galego de Boas Prácticas Agrarias

Non se acumulará esterco/lodos da depuradora, fora das zonas previstas para elo, tralo seu espaxamento no campo se procederá de forma inmediata, a súa incorporación ó solo.

3.-PROTECCIÓN DO SOLO E DAS AUGAS SUBTERRÁNEAS.

3.1.-Protección do solo.

3.1.1.-Fase de obras.

Balizaranse e sinalizaranse correctamente os terreos a ocupar polos labores do proxecto e todas as zonas de obra, co fin de restrinxir as afeccións ás mínimas necesarias, estando prohibido ocupar terreos fora do previsto. Este balizado e sinalización deberá



manterse en perfecto estado durante o transcurso das obras, sendo retirados cando estas finalicen.

Preveranse zonas de provisión e préstamos. Os vertedoiros de terras e as instalacións auxiliares situaranse en zonas de mínima afección ecolóxica, paisaxística ou de pouco interese cultural. Se os vertedoiros son permanentes deberán adecuarse orograficamente.

Evitarase o depositar residuos ou produtos sólidos en zonas onde as augas produzan escoamentos cara os cursos fluviais.

Procederase á estabilización de noiros de forma inmediata, para evitar que os procesos erosivos provoquen desprendementos.

Establecerase a recollida, almacenamento, conservación ou xestión da terra vexetal afectada polas obras. Dada a importancia do solo vexetal, por conter as características da zona, empregarase na restauración de zonas degradadas.

Procederase a estabilización dos noiros de forma inmediata, para evitar que os procesos erosivos provoquen desprendementos.

Todas as augas que saian das zonas de instalacións das obras derivaranse e someteranse a un sistema de decantación de sólidos.

Disporase dun lugar axeitado para a realización do mantemento da maquinaria e para a xestión dos residuos perigosos xerados na fase de obra.

3.1.2.-Fase de explotación.

As zonas de almacenamento de esterco e xurro contarán con soleiras e paredes perfectamente impermeabilizadas, as soleiras de formigón deberán revisarse periodicamente para prever a existencia de fendas que permitan a infiltración de xurro ó solo. Os lixiviados do esterco serán conducidos á fosa de xurro e almacenados nela ata a súa transformación na planta de tratamento de xurro.

Tomaranse as medidas de seguridade necesarias para evitar derrames accidentais dos tanques de almacenamento de produtos tales como aceites, graxas e carburantes de motores. Deberán contar con cubetos de retención, con capacidade abondo para conter as posibles fugas e derrames dos mesmos e o seu volume será como mínimo o máximo dos tanques de almacenamento. De producirse algunha vertedura, esta será retirada por un xestor autorizado.

As zonas de almacenamento de residuos deberán contar cun cubeto de retención impermeabilizado con capacidade para conter o volume máximo de efluente que se poida almacenar nesa zona.

De producirse unha vertedura neste cubeto de retención, os efluentes serán recollidos e xestionados por un xestor autorizado. Manteranse en perfecto estado de revisión os sistemas de seguridade fronte a derrames de sustancias perigosas, procedéndose a recollida inmediata de todo derramo accidental que puidera afectar ó solo.



De producirse unha contaminación do solo, este xestionarase de acordo co Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados.

3.2.-Protección das augas subterráneas.

Previo inicio das obras deberán realizar un estudo detallado das augas subterráneas e posibles alteracións da rede de drenaxe que descarten, entre outras as posibles afeccións á lagoa de Caque.

Debido ás características da actividade deberá instalarse unha rede piezométrica permanente, para ter coñecemento da calidade das augas subterráneas. Esta deberá controlar a estanquidade das fosas de xurro e esterqueiras e se instalará na cota máis baixa do conxunto das instalacións e na/s liña/s de fluxo preferente do/s acuífero/s, realizándose, previo o inicio da actividade e semestralmente análises da calidade das augas, certificados por laboratorio autorizado, e procedéndose a remisión, segundo o indicado no punto 10.3, das análises realizadas para a súa posterior revisión, o obxecto de dar cumprimento o artigo 12 da Lei de Augas e as Normas de Calidade das Augas Subterráneas, establecidas no Real Decreto 1514/2009, de 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e o deterioro. Eximirá da instalación do/s piezómetro/s a existencia dunha surxencia natural de auga ou dun pozo/s de barrena sempre e cando se atopen situados na cota máis baixa da explotación e na liña de fluxo preferente do acuífero, asemade, o pozo deberá estar ranurado na totalidade do acuífero e cego no resto de xeito que permita realizar as labores do piezómetro.

Previo inicio das obras deberá realizarse unha descrición do sistema de retención de sedimentos mediante as balas de palla, indicando:

1. Ubicación exacta dos elementos de retención.
2. Lonxitude da barreira de retención.
3. Mantemento da barreira de retención.
4. Periodicidade estimada de reposición dos elementos de retención.

3.3.-Xestión dos xurros.

Acéptase o plan de xestión do esterco sempre e cando os fangos estabilizados e a parte dos fangos en exceso, purgados durante o tratamento biolóxico, sexan entregados a un xestor externo autorizado, para a súa valorización. Esta entrega deberá vir avalada, previo inicio da actividade, por un contrato entre ambas dúas partes.

Durante o funcionamento da granxa contarase cun libro de rexistro actualizado, supervisado polo responsable do control e seguimento ambiental durante a explotación das instalacións, no que se inclúa como mínimo:

1. Cantidade anual de xurro e esterco producidos e empregados como fertilizantes.



2. Acreditación do xestor que recolla os fangos, cantidade anual recollida, breve resumo do tratamento que se lle aplica e destino final dos mesmos.
3. Sistema e metodoloxía empregados na recollida e esparexemento dos xurros e esterco.
4. Datas nas que se realizou a saída do xurro e/ou esterco da granxa e datas na que se aplicaron estes como fertilizantes.
5. Localización de todas as parcelas que foron fertilizadas, sinalando as hectáreas totais e os cultivos presentes nelas.
6. Calquera incidencia que se poida desenvolver durante as operacións relacionadas coa fertilización.

O libro de rexistro estará a disposición das consellerías competentes en materia de agricultura e medio ambiente.

4.-PROTECCIÓN DAS AUGAS.

Previo inicio das obras, o promotor deberá obter a autorización de vertedura para as augas sobrantas da depuración en virtude da cal se poidan amparar ditos caudais de augas residuais, o obxecto de dar cumprimento ós artigos 245 e seguintes do Regulamento do dominio público hidráulico (Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, modificado polo Real Decreto 606/2003, de 23 de maio e polo Real Decreto 9/2008, de 11 de xaneiro).

Asemade, e con carácter xeral, deberase dar cumprimento as seguintes condicións:

1. Para a execución de calquera obra ou traballo na zona de policía de canles precisarase a autorización administrativa do órgano de bacía. Esta autorización será independente de calquera outra que teña que ser outorgada polos distintos órganos das administracións públicas (art. 9.4 do regulamento do Dominio Público Hidráulico do Real decreto 849/1986, de 11 de abril, modificado polo Real Decreto 606/2003, de 23 de maio e polo Real Decreto 9/2008, de 11 de xaneiro).
2. En canto ó deseño da obra lémbreselle que será de aplicación a normativa incluída na Lei de Augas (texto refundido polo Real Decreto Lexislativo 1/2001 de 20 de xullo), o Regulamento de Dominio Público Hidráulico aprobado polo Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, modificado polo Real Decreto 606/2003, de 23 de maio e polo Real Decreto 9/2008, de 11 de xaneiro) e as normas incluídas no Plan Hidrolóxico Norte I, aprobado por Real Decreto 1664/1998, de 24 de xullo, polo que se aproban os Plans Hidrolóxicos de bacía. En particular será de aplicación a Norma 2.1.5.1.4.-Caudal máximo de avenida, a Norma 2.1.5.1.12.- Vías de comunicación e a 2.1.5.1.13.- Condicións que deben cumprir as obras a construír no Dominio Público Hidráulico, do citado plan Hidrolóxico.
3. Queda prohibida a vertedura directa ou indirecta de augas e produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico, salvo que conte coa previa autorización administrativa. As verteduras de augas residuais requirirán polo tanto a preceptiva autorización do



órgano de cunca, a cuxo efecto o titular da instalación deberá formular a correspondente solicitude de autorización, acompañada de documentación técnica na que se definan as características das instalacións de depuración e os parámetros límite dos efluentes (art. 100 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas, así como 245 e seguintes do Regulamento do dominio Público Hidráulico (Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, modificado polo Real Decreto 606/2003, de 23 de maio e polo Real Decreto 9/2008, de 11 de xaneiro).

4. Toda vertedura deberá reunir as características precisas para que considerando en particular e en conxunto coas restantes verteduras da mesma canles, se cumpran en todos os puntos os obxectivos de calidade sinalados para as súas augas, segundo o preceptuado polo artigo 11 da Orde de 13 de agosto de 1999, pola que se publican as determinacións do contido normativo do plan hidrolóxico de cunca Norte I.
5. O artigo 97 da Lei de Augas establece, con carácter xeral, a prohibición de acumular residuos sólidos, entullos e substancias, calquera que sexa a súa natureza e o lugar no que se depositen, que constitúan ou poidan constituir un perigo de contaminación das augas do dominio público hidráulico.
6. Asemade o artigo 102 da Lei de Augas establece que cando as verteduras poidan dar lugar á infiltración ou almacenamento de sustancias susceptibles de contaminar os acuíferos ou as augas subterráneas, so poderán autorizarse se o estudo hidrolóxico previo demostrase a súa inocuidade.

5.-XESTIÓN DE RESIDUOS.

O titular deberá inscribirse como pequeno produtor de residuos perigosos no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Os residuos entregaranse a xestores autorizados e inscritos no Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, priorizando a entrega a xestores que realicen operacións de valorización e que se atopen máis preto á granxa.

De realizar o transporte de residuos perigosos ata os xestores autorizados, este deberá realizarse por transportistas rexistrados. Os traslados de residuos perigosos realizaranse do xeito indicado no Real Decreto 833/1998, de 20 de xullo, e/ou no Decreto 221/2003, de 27 de marzo.

Adoptaranse as medidas técnicas e economicamente viables para reducir a cantidade de residuos xerados no proceso e nas operacións auxiliares.

A empresa adoptará as medidas correctoras oportunas co obxecto de que os residuos se almacenen en zonas cubertas en condicións axeitadas de hixiene, seguridade e segregación, garantindo en todo caso que se impida calquera afección ó medio ambiente. As zonas de almacenamento de residuos, así como os seus contedores manteranse correctamente sinalizados e etiquetados, no seu caso, e en correcto estado de mantemento e limpeza.



No caso de executar obras de reforma nas instalacións nas que se xeren máis de 3 toneladas de entullos, e en todo caso na fase de desmantelamento da instalación, a empresa notificará dita circunstancia e inscribirse no Rexistro ó efecto ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

No caso de cese da actividade e desmantelamento total ou parcial das instalacións, procederase ó desmantelamento selectivo de xeito que se maximize a porcentaxe de materiais enviados a operacións de valorización.

Os animais mortos na granxa, que non se poderán enterrar, xestionaranse segundo as disposicións recollidas no decreto 43/2004, do 25 de febreiro, polo que se declara servizo público de titularidade autonómica a recollida, transporte, eliminación e destrución dos animais mortos nas instalacións gandeiras. Ata o momento da recollida dos cadáveres adoptaranse as medidas que o órgano competente estableza ó respecto, a fin de que se garanta o cumprimento de normas de bioseguridade axeitadas.

6.-PROTECCIÓN DA FLORA E DA FAUNA.

Debe realizarse un estudo xustificativo da ausencia de afeccións sobre as especies de flora e fauna silvestre antes citadas (*Enrygiun viviparun*, *Luroniun natans*, *Pilularia globulifera*, *numenius arquata*, *Burhinus oediconemus*, *Tetrax tetrax*, *Gasterosteus gymnurus*, *Rana iberica*, *Rana temporaria*, *Circus cynaeus*, *Circus pygargus*), se dos resultados de dito estudo se derivase a necesidade de implementar medidas correctoras, protectoras, compensatorias ou de seguimento, estas deberán reflectirse en dito estudo.

De atoparse ou se demostrarse a existencia de especies incluídas no catálogo galego de especies ameazadas prohibese calquera actuación que lles afecte. Neste suposto, comunicárase ó Servizo de Conservación da Natureza de Lugo para tomar las medidas oportunas e n seu caso, solicitar a correspondente autorización administrativa, segundo recolle o artigo 11º do Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o catálogo galego de especies ameazadas.

No caso de corta de vexetación, cinguirase ó estritamente necesario para a execución da obra e con arranxo as autorizacións pertinentes.

7.-PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL

Previo o inicio das obras realizaranse unhas sondaxes arqueolóxicas valorativas no entorno do xacemento arqueolóxico Medorra de Costa Moura. Durante as fases de replanteo, de execución de obra, e de restitución dos terreos en todo o ámbito do proxecto levarase a cabo un control e seguimento arqueolóxico. A tal fin e previo o inicio das obras, se elaborará un proxecto arqueolóxico que terá que ser autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e que englobará ambas actividades. En todo caso, finalizadas as sondaxes, o promotor deberá remitir un informe arqueolóxico no que se plasmen os resultados da intervención.

8.-INTEGRACIÓN PAISAXISTICA.

Realizarase unha integración paisaxística das obras a realizar, para elo propóñense as seguintes medidas:



1. As naves de deberán ser pintadas en cores non disonantes co entorno.
2. No perímetro da zona ocupada pola explotación disporase unha pantalla vexetal formada por sebes e caducifolias de tal xeito que se reduza ó mínimo o impacto visual das instalacións.
3. No perímetro exterior dos camiños que rodean á planta de tratamento de xurro colocaráse unha sebe mesta que reduza tanto o impacto visual como a difusión dos cheiros.

9.-SANIDADE E BENESTAR ANIMAL

Previo o inicio das obras deberase realizar un plan de control en materia de sanidade e benestar animal que inclúa:

1. Medidas de bioseguridade relacionadas coa entrada selectiva de vehículos, persoal e visitas así como control de acceso as distintas zonas.
2. Orixe da auga empregada na explotación, equipos de almacenamento e de subministro e controis realizados para garantir a calidade hixiénica.
3. Zona de fase de cuarentena e de casetas comunitarias, dimensións, camas empregadas e sistema de alimentación.
4. Plan de control de pragas e limpeza e desinfección.

10.-PLAN DE SEGUIMENTO E VIXILANCIA AMBIENTAL

Levarase a cabo o programa de **Vixilancia e Seguimento Ambiental** proposto na documentación ambiental avaliada, incorporando os controis necesarios para adaptalo, se é o caso, ós condicionantes xurdidos desta declaración.

Este programa levarase a cabo co obxecto de garantir ó longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras propostas no estudo ambiental, do establecido no condicionado desta DIA e da lexislación vixente de aplicación en materia ambiental, así como de incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor do proxecto. O programa debe permitir detectar cuantificar e corrixir alteracións que non se puidesen prever no estudo ou no condicionado da DIA, e levar a cabo novas medidas correctoras acordadas coas novas problemáticas xurdidas.

Se durante o desenvolvemento do programa de vixilancia e seguimento ambiental se detectasen impactos imprevistos ou alteracións que superen os umbrais establecidos pola lexislación aplicable ou na presente DIA o promotor proporá as medidas técnicas precisa para corrixilas. De manifestarse a existencia de impactos ambientais severos ou críticos o órgano substantivo poñerá este feito en coñecemento desta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Na realización do programa de seguimento e impacto ambiental terase en conta que:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



XACOBEO 2010
Galicia

1. Previo inicio de calquera actuación e co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento da presente declaración a Deputación Provincial de Lugo designará un responsable do control deste, notificando o seu nomeamento ó Concello de Castro de Rei e a esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
2. Todas as medicións e ou analíticas do programa de vixilancia deberán ser levadas a cabo por entidades homologadas e coas acreditacións e alcances adecuadas ás medicións que deban realizar, os resultados deberán estar asinados polos técnicos responsables da súa elaboración.
3. As tomas de mostras e as medicións deberán ser representativas polo que se realizarán durante os labores con maior incidencia, sobre os indicadores obxecto de control.

O Concello de Castro de Rei responsabilizarase de que se leve a cabo o programa de **Vixilancia e Seguimento Ambiental** ó que se fai referencia ó longo nesta DIA e, como órgano substantivo, estará ó disposto no artigo 18 do Real Decreto Legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos.

10.1.-Fase de estudio.

Previo inicio das obras, o promotor remitirá ós organismos indicados a seguinte documentación:

1. Dirección Xeral de Conservación da Natureza:
 - a. Documentación indicada no punto 3.2.
 - b. Documentación indicada no punto 6 parágrafo 1.
2. Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.
 - a. Autorización de vertedura indicada no punto 4.
3. Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
 - a. Documentación indicada no punto 7.
4. Dirección Xeral de produción Agropecuaria.
 - a. Documentación indicada no punto 9.

Antes de realizar calquera tipo de actuación deberán contar coa autorización expresa dos organismos citados, e unha vez obtidas as pertinentes autorizacións, será remitidas á esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, podendo nese momento dar comezo as obras.



10.2.-Fase de obras.

Durante a fase de obras levarase a cabo un plan de control da calidade da auga dos cursos fluviais afectados (Rego da granxa e canle de rega) polas obras, seleccionando puntos de toma de mostras augas arriba e augas abaixo da zona dos cursos afectados. Considérase que, como mínimo, os parámetros a analizar son os seguintes: *temperatura, opacidade DQO, DBO nitratos, nitritos, fosfatos, potasio materias en suspensión, pH, osíxeno disolvo, condutividade e aceites e produtos lubricantes.* As análises realizaranse cunha periodicidade quincenal, remitíndoas á Dirección Xeral de Conservación da Natureza, cunha periodicidade mensual. Os informes incluírán a metodoloxía de análise, periodicidade e límites a impoñer ós diferentes parámetros e unha reportaxe fotográfica que reflicta o estado das canles.

Previo o inicio da actuación realizarase unha análise tipo branco, para poder contrastar a incidencia da obra sobre as canles. Dita análise incluírase na remisión dos dous primeiros controls (primeiro mes de obra).

Unha vez rematen as obras a empresa remitirá ó Concello de Castro de Rei e á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, unha memoria na que se recollan os seguintes puntos:

1. Certificado fin de obra emitido por técnico competente.
2. Memoria na que se recolla a aplicación das medidas de protección do medio que se indican nesta DIA para a fase de obras, esta memoria deberá vir asinada polo responsable ambiental da explotación.
3. Certificados emitidos por polo xestor que recolleu os residuos xerados na obra.
4. Reportaxe fotográfica do estado inicial e final das obras a realizar.
5. Incidencias ambientais durante as obras.
6. Resumo do plan de control das augas, realizado.
7. Ubicación nun plano topográfico do/s piezómetro/s indicado no punto 3.2 e análise realizado previo o inicio da actividade.

10.3.-Fase de explotación.

Durante a fase de desenvolvemento da actividade continuarase coa realización do plan de control das augas subterráneas, nos mesmos puntos e cos mesmos parámetros indicados no punto anterior. A periodicidade das análises será trimestral, remitíndose o informe, semestralmente á Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Asemade e durante a fase de explotación e con periodicidade semestral, o promotor remitirá ó Concello de Castro de Rei unha memoria na que se recollan os seguintes puntos:



1. Copia do rexistro actualizado de residuos xerados, no que se identifiquen e caractericen correctamente todos os residuos perigosos e non perigosos producidos anualmente e o seu destino. Así, neste rexistro, e de xeito actualizado, figurarán como mínimo os seguintes datos: código LER, tipo de residuo (perigoso e non perigoso), proceso xerador, lugar de almacenamento, cantidade (kg/ano) e destino final.
2. Copia do libro rexistro de xurros correspondente a ese ano.
3. Memoria resumo na que quede constancia das medidas protectoras e correctoras levadas a cabo nesta fase, de acordo co estudo ambiental avaliado e co disposto nesta DIA, incluíndo as conclusións á vista dos resultados obtidos na aplicación destas medidas e nos controis efectuados, así como calquera incidencia ou imprevisto acontecido e as solucións adoptadas
4. Resultado das analíticas do/s piezómetro/s.

10.4.-Fase de abandono da actividade.

Remitirase ó órgano substantivo, no prazo de seis (6) meses previa a finalización da vida útil das instalacións, un informe que conteña todas as actuacións previstas para o desmantelamento e abandono das instalacións.

Asemade, no prazo máximo de dous (2) meses a contar dende o cese das accións previstas para o abandono, enviarase un informe ó concello de Castro de Rei, que conteña a descrición detallada das accións de carácter ambiental, especialmente no relativo á xestión aplicada ós diferentes residuos de desmantelamento e restauración das superficies afectadas. Xunto cun documento gráfico que reflicta o estado final de lugar

Tendo en conta os resultados que se obteñan durante os dous primeiros anos de seguimento poderase revisar, se é o caso, o contido ou a frecuencia dos controis e informes a realizar en anos posteriores, ou estudar a posibilidade de dar por finalizado o seguimento.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2011

O Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental



Justo de Benito Basanta



ANEXO I

1.-RESUMO DO PROXECTO.

A actividade proxectada ten por obxecto a creación dun centro público, de recria para reses bovinas destinadas á produción de leite, con capacidade para 3.000 cabezas de gando, dentro das actuais instalacións da Granxa Gayoso-Castro, sito na parroquia de Duarria, no concello de Castro de Rei (Lugo).

Segundo a documentación avaliada, as actuacións previstas son as seguintes:

A.-Actuacións construtivas.

1. Demolición de edificacións obsoletas.
2. Operacións de mantemento, reparación, limpeza e mellora das edificacións existentes. As actuacións indicadas unicamente afectarán a revestimentos, cubertas, elementos de compartimentación e instalacións de evacuación de pluviais.
3. Construción de novas edificacións:
 - a. Aloxamentos animais:
 - i. Zona de corentena.
 - ii. Zona de casetas comunitarias.
 - iii. Zonas de transición, cubrición e xestación.
 - b. Zonas de almacenamento de alimentación:
 - i. Silos de pensos.
 - ii. Silos de herba.
 - c. Zona de tratamento de residuos:
 - i. Foxas de xurro.
 - ii. Esterqueiras.
 - iii. Depósitos de auga limpa.
 - d. Obras de urbanización da parcela.

B.-Xestión dos animais.

Os animais procedentes das explotacións de orixe serán avaliados sanitariamente, unha vez aceptados comezan o ciclo de corentena, en casetas individuais, baixo cuberta.



Con dous meses de idade trasládanse á zona de casetas comunitarias onde permanecerán ata os seis meses, momento no que son enviados ás naves de estabulación libre.

As xatas son cubertas ós 15 meses de idade. Os animais xestantes trasládanse a naves equipadas con sistemas de estabulación libre con cubículos, onde permanecen ata a saída do centro.

C.-Xestión do xurro e do esterco.

Tralo almacenamento do xurro en pre foxas se conducirá a unha planta de tratamento de xurro, onde se someterá a un proceso de depurado a fin de obter un residuo seco e unha fase líquida apta para o rego e limpeza das naves.

Os lodos procedentes do proceso serán valorizados como fertilizante.

O esterco procedente das camas dos animais será valorizado como fertilizante agrícola.

D.-Xestión de lixiviados, escoamentos e pluviais.

As augas residuais procedentes dos patios de exercicio serán conducidas as prefoxas de xurro e de alí a planta de tratamento de xurro.

As augas procedentes da cubertas serán recollidas e conducidas a un depósito de almacenamento.

E.-Xestión doutros residuos.

Os residuos xerados serán recollidos por xestores autorizados, externos ó centro.

2.-INVENTARIO AMBIENTAL

A.-Clima.

A zona de actuación enmarcase dentro da Terra Cha, presentando un clima oceánico con matices de continentalidade, podendo considerarse un dominio oceánico continental. As mini-cadeas montañosas que rodean á zona, obstaculizan as correntes húmidas procedentes do océano orixinando un descenso das precipitacións anuais, que se sitúan en torno os 1.100 mm. As devanditas choivas son máis frecuentes no período invernál e relativamente escasas durante o verán.

As temperaturas medias oscilan entre os 5 e os 20 C°.

B.-Hidroloxía.

Na zona de estudo atópanse o Rego da Granxa e un pequeno canal de rego, tributario do anterior. O Rego da Granxa verte as súas augas no río Lea que a súa vez é afluente do Miño, que se atopa a uns 2 km da actuación.



Tamén destaca pola súa proximidade a Lagoa de Caque, situándose en todo caso fora da zona de actuación.

C.-Vexetación.

Actualmente predominan as praderías de pratense variadas e ruderales e campos de millo, separadas por sebes e muros de chantos. As árbores caducifolias só aparecen en pequenos bosquetes diseminados de carballos castiñeiros e bidueiros.

Asemade, na zona onde se emprazaran as instalacións existe unha plantación de *Pinus radiata*, *Eucalyptus globulus*, *Betula celtiberica* e *Populus nigra*.

D.-Fauna.


A fauna terrestre é a propia dun hábitat agrícola antropizado, sen embargo a abundancia de medios lacustres configuran un espazo propicio para a reprodución de aves, atopándose diversas especies moi escasas en Galicia como poden ser o *Tetrax tetras*, *Numenius arquías*, *Ciconia ciconia*, *Milvus migrans* e o *Lanius collurio*.



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C.P. 27250
C.I.F. P-2701000H - R.E.L. 01270100

08 JUN. 2011



ENTRADA nº 20766
DECRETO pasa a INLUDES

En virtude do ordenado polo Sr. Alcalde, poño no seu coñecemento que a Junta de Goberno Local deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 25 de marzo de 2011, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

2.- LICENCIA DE ACTIVIDADE E DE OBRA.

Solicitada polo Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social (INLUDES) dependente da Deputación Provincial de Lugo para "construcción de centro de recría na granxa Gayoso-Castro", na parroquia de Duarria.

Vistos os expedientes instruídos a instancia de D. José Ramón Gómez Besteiro, en representación do INLUDES, en virtude de solicitude de data de 4 de decembro de 2009, que tivo entrada no concello o 9 de decembro de 2009, co nº 3.910, relativa á licenza de actividade e de obra para "Construcción de centro de recría granxa Gayoso-Castro", nas parcelas 31, 40 e 41 do polígono 221 na parroquia de Duarria, deste concello. Segundo proxecto básico e de execución de outubro de 2009 e decembro de 2010, respectivamente, redactado pola arquitecta M. Mónica Sanz Guerra, colexiada co nº 2722, con data de entrada no concello o 21 de outubro de 2009 e 8 de febreiro de 2011, nº de rexistro 3.308 e 669, respectivamente, e demais documentación que no expediente obra.

Visto que pola Deputación Provincial de Lugo se promoveu e enviou o expediente á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental para, se é o caso, sometelo ó trámite de avaliación de impacto ambiental, ó estar incluído no Anexo I, grupo 1 e 7 do Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, e que unha vez cumprimentada a tramitación, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, en data 11 de xaneiro de 2011, formula a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) para o "Proxecto de execución de construción de centro de recría na granxa Gayoso-Castro" sito no lugar e parroquia de Duarria, no termo municipal de Castro de Rei, con capacidade para 3.000 cabezas.

Resultando que tramitado o expediente relativo á solicitude de licenza urbanística na que se albergará a referida actividade, non se opón ás normas sobre planeamento urbanístico aplicable ó solo onde se pretende situar.

Resultando que no lugar no que se sitúan non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

Resultando que se deben cumprimentar as observacións e medidas correctoras reflectidas no proxecto e na DIA.

Considerando que na tramitación de ambos expedientes se observaron as prescricións legais.

Visto o informe favorable do arquitecto de Monsa Urbanismo, D. José Luis Sanmiguel Guerreiro, en funcións de asistencia técnica a este Concello, de data 25 de febreiro de 2011.

Visto o informe de secretaría.

Vista a comunicación do Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Lugo, recibida o 12 de maio de 2010, rexistrada de entrada co nº. 1863, relativa a que previa á concesión de licenza urbanística municipal dos expedientes que relacionan, entre os que se encontra o obxecto desta licenza, non se precisa autorización autonómica previa

resultando competente para a súa tramitación ese concello mediante a concesión de licenza urbanística municipal.

Considerando que é de competencia da Xunta de Goberno Local a concesión das licenzas solicitadas, de conformidade co disposto no real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro e do Decreto 133/2008, de 12 de xuño.

Considerando que en virtude do disposto no art. 196-2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia, estes Expedientes deben ser obxecto dunha soa resolución.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente en data 16 de xullo de 2007 (BOP nº. 225 do 28-09-07), por unanimidade e en votación ordinaria, **acorda:**

Primeiro.- O outorgamento da Licenza para a actividade solicitada, debéndose cumprir as condicións establecidas na DIA (Previo inicio das obras, durante a execución das mesmas e tralo cese de actividade) e da que se xunta copia, non podendo comezar a exercer a mencionada actividade mentres non se realice a acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando coa petición o certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza; debéndose ingresar, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascenden as taxas regulamentarias, segundo liquidación provisional que practicará a Intervención municipal.

Segundo.- Deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, outorgar a licenza urbanística solicitada para **CONSTRUCCIÓN DE CENTRO DE RÉCRÍA NA GRANXA GAYOSO-CASTRO** na parroquia de Duarria, deste Concello. Outorgándose un prazo de seis meses para a súa iniciación, e de tres anos para a finalización das obras; con suxeición ás condicións particulares e xerais establecidas na correspondente ordenanza e no informe do técnico que sinala:

1. recórdase a prohibición de deixar vistos materiais que no foron deseñados para tal fin, xunto coa obrigatoriedade de harmonización co ámbito. Prohibese sobre a base da licenza solicitada realizar alteracións ou substitucións de elementos estruturais.

2. É de obrigado cumprimento as condicións establecidas polo órgano competente en materia medioambiental, e que pola súa lonxitude non se transcriben no presente informe, aínda que serán de aplicación as recollidas na DIA.

3. As obras non poderá interromperse por tempo superior a seis meses.

4. O solicitante poderá previa solicitude ó concello, obter unha única prórroga, por prazo non superior ó da licenza inicial.

E aprobar a liquidación provisional dos dereitos municipais que figuran no Expediente, debendo ingresarse previamente o seu total importe nas Arcas municipais.

Terceiro.- Requerir ó INLUDES comunique a este Concello o comezo e final das obras, así como o comezo da fase de explotación para dar cumprimento ó establecido no Capítulo III, artigo 18.2 do Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, co fin de darlle traslado á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Expídase por Secretaría, certificacións por duplicado deste acordo para constancia e efectos correspondentes en ámbolos dous expedientes.

Notifíquese esta resolución ó interesado, así como os recurso legais que contra a mesma poida interpoñer."

**CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)**

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27200
C. I. F. P-2701000H - R. E. L. 01270109

RECURSOS: Contra este acordo, poderá Vde. interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, durante o prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acordo, de conformidade co preceptuado no art. 46.1 e nas condicións establecidas para o procedemento abreviado no art. 78, ámbolos dous da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Previamente ó contencioso administrativo, poderá Vde. e con carácter potestativo se o considera oportuno, interpoñer ante o mesmo órgano que dictou o acto ou acordo, o recurso de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro). Recurso que terá que interpoñerse no prazo dun mes, contado desde a recepción desta notificación.

Neste caso o prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo contarase desde o día seguinte á aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición, ou ben desde o día en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Advertíndolle que tamén poderá utilizar, pola súa conta, calquera outro recurso que estime pertinente.

O que traslado a Vde. para o seu coñecemento e efectos, debendo firmar o duplicado para constancia.

Castro de Rei, 1 de abril do 2011.

A Secretaría



Asdo. M^a. Josefa Fernández Legaspi.

Sr./a. D./D^a. José Ramón Gómez Besteiro. En representación do INLUDES
Ronda Muralla, 140

LUGO



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C.I.F. P-2701000 H - R.E.L. 01270109

REGISTRO XERAL
ENTRADA Nº 257366 UNIDA Nº 658

En virtude do ordenado polo Sr. Alcalde, poño no seu coñecemento que por decreto de Alcaldía nº. 156 do día 22 de maio de 2015, adoptou o seguinte acordo:

"MODIFICACIÓN DA LICENZA DE ACTIVIDADE E DE OBRA.

Solicitada por DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Vista a solicitude de 19 de decembro de 2014 con rexistro de entrada 3985, incluíndo documentación gráfica relativa a "Proxecto de execución da planta de Biogás no Centro de Recría da Granxa Gayoso Castro" asinado polo Enxeñeiro Industrial do ICAI D. Pablo Fernández Castro (col. 985/201), para modificación da licenza outorgada ó Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social (INLUDES) por acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de marzo de 2011 para construción de centro de recría na granxa Gayoso Castro" na parroquia de Duarria, redactado pola Arquitecta M. Mónica Sanz Guerra, colexiada nº 2722, con datas de entrada no Concello 21 de outubro de 2009 e 8 de febreiro de 2010, rexistros número 3308 e 669, respectivamente.

Visto o escrito da Deputación Provincial de Lugo recibido o 9 de febreiro de 2015, rexistrado de entrada co nº. 441, solicitando se realice a acta de comprobación para poder dar inicio á actividade, co que xunta "Extracto del acuerdo plenario de disolución del INLUDES donde se indica que le sucede universalmente la Diputación provincial", "Certificado final de la obra emitido por el director de la misma" e "Acta de recepción de la obra".

Vistas as **CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS** contidas no informe técnico municipal de data 19 de maio de 2015:

"Por aplicación da disposición adicional segunda e artigos relacionados da LOUGA, a parcela atópase clasificada como Solo Rústico.

Conforme a documentación aportada, "los cambios realizados en el proyecto afectan única y exclusivamente a la construcción de las instalaciones de aprovechamiento de biogás".

Extraese da documentación aportada que a modificación consiste na substitución da depuradora por unha planta de xeración de biogás.

Considerase conforme o artigo 9 do Decreto 28/1999 polo que se aproba o Regulamento de Disciplina urbanística así como o artigo 194.1 da LOUGA que a licenza urbanística ten por finalidade comprobar que os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo proxectados se axustan ao ordenamento urbanístico vixente.

Resulta de aplicación a día de hoxe a lei estatal 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE 11 de decembro de 2013).

Da documentación extraese que se proxectan dous dixestores de xeometría cilíndrica e cuberta semiesférica, acadando unha altura de 5,5 m sobre dixestor e total de 11,5 m, e realizados con tecido de EPDM verde/gris. Non constando a xustificación do cumprimento do artigo 42 da LOUGA con respecto a estes elementos singulares.

Tendo en conta que a DIA especifica a protección relativa á integración paisaxística, e conforme informe da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de 28 de abril de 2015, esta resulta vixente ante o modificado obxecto de informe, que consiste na "substitución da depuradora por unha planta de xeración de biogás", entende a técnico que subscribe convenientemente xustificado o artigo 42.1 da LOUGA.

PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL: 1.425.779,61 €

IMPORTE AVAL A PRESENTAR: —

PERMISOS E AUTORIZACIÓNS PREVIOS Á
CONCESIÓN DE LICENCIA MUNICIPAL:

CONSTA:
_Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación
ambiental

Segundo o artigo 197.1 da LOUGA, "no acto de outorgamento de licenza determinaranse os prazos de caducidade das licenzas de edificación por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas. No seu defecto, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses". Resulta así mesmo de aplicación os artigos 42.1.f) e g) da LOUGA en canto a prazos e caducidade."

Visto o informe de secretaria de data 22 de maio de 2015.

En virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases de Réxime Local e do Decreto de Alcaldía 144/2011, de 6 de setembro (publicado no BOP nº. 215, de 19 de setembro de 2011).

RESOLVO:

Primeiro.- Outorgar á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO a **MODIFICACIÓN Nº. 1 da Licenza para a actividade e obra** conforme "Proxecto de execución da planta de Biogás no Centro de Recría da Granxa Gayoso Castro" asinado polo Enxeñeiro Industrial do ICAI D. Pablo Fernández Castro (col. 985/201), da licenza outorgada ó INLUDES, por acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de marzo de 2011 para "construción de centro de recría na granxa Gayoso Castro" na parroquia de Duarria, segundo Proxecto Básico e de Execución de outubro de 2009 e decembro de 2010, redactado pola Arquitecta M. Mónica Sanz Guerra, colexiada nº 2722; e ó informe da técnico municipal que sinala:

"Co remate das obras completas, presentarase certificado final da obra completa, fotografías do estado final e solicitude de visita municipal para a totalidade das instalacións, así como a documentación requirida na DIA:

"Unha vez rematen as obras a empresa remitirá ó Concello de Castro de Rei e á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, unha memoria na que se recollan os seguintes puntos:

- 1.- Certificado fin de obra emitido por técnico competente.
- 2.- Memoria na que se recolla a aplicación das medidas de protección do medio que se indican nesta DIA para a fase de obras, esta memoria deberá vir asinada polo responsable ambiental da explotación.
- 3.- Certificados emitidos polo xestor que recolleu os residuos xerados na obra.
- 4.- Reportaxe fotográfica do estado inicial e final das obras a realizar.
- 5.- Incidencias ambientais durante as obras.
- 6.- Resumo do plan de control das augas, realizado.
- 7.- Ubicación nun plano topográfico do/s piezómetro/s indicado no punto 3.2 e análise realizado previo o inicio da actividade."

Segundo.- Consérvanse os condicionados xerais e particulares recollidos na licenza inicial sometida á Declaración de Impacto Ambiental (DIA).

Terceiro.- Aprobar a liquidación dos dereitos municipais que figuran no expediente, cun importe de vinteito mil cincocentos quince euros con cincuenta e nove céntimos (28.515,59 €)."

RECURSOS: Contra este acordo, poderá Vde. interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, durante o prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acordo, de conformidade co preceptuado no art. 46.1 e nas condicións establecidas para o procedemento abreviado no art. 78, ámbolos dous da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P- 2701000 H - R. E. L. 01270109

Previamente ó contencioso administrativo, poderá Vde. e con carácter potestativo se o considera oportuno, interpoñer ante o mesmo órgano que ditou o acto ou acordo, o recurso de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro). Recurso que terá que interpoñerse no prazo dun mes, contado desde a recepción desta notificación.

Neste caso o prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo contarase desde o día seguinte á aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición, ou ben desde o día en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Advertíndolle que tamén poderá utilizar, pola súa conta, calquera outro recurso que estime pertinente.

O que traslado a Vde. para o seu coñecemento e efectos, debendo firmar o duplicado para constancia.



Castro de Rei, 22 de maio do 2015.
A Secretaria,

Asdo. M^a. Josefa Fernández Legaspi.

Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo
San Marcos, 8 - Lugo

1. The first part of the document discusses the importance of maintaining accurate records of all transactions. It emphasizes that proper record-keeping is essential for the transparency and accountability of the organization.

2. The second part outlines the specific procedures for recording transactions. It details the steps involved in capturing data, ensuring its accuracy, and storing it securely. This section also addresses the challenges associated with data management and offers solutions to overcome them.

3. The third part focuses on the analysis and interpretation of the recorded data. It describes various methods for identifying trends, patterns, and anomalies. This analysis is crucial for making informed decisions and improving the organization's performance.

4. The fourth part discusses the role of technology in enhancing the record-keeping process. It explores the use of digital tools and systems to streamline data collection, storage, and analysis. The benefits of automation and digitalization are highlighted.

5. The fifth part concludes the document by summarizing the key points and reiterating the importance of a robust record-keeping system. It encourages the organization to continuously monitor and improve its processes to stay competitive in the market.

Date	Description	Amount	Category	Status	Remarks	Signature	Date	Initials
2023-10-01	Office Supplies	150.00	General	Completed	Payment received from client	[Signature]	2023-10-01	ABC
2023-10-05	Travel Expenses	320.00	Travel	Pending	Receipts to be submitted	[Signature]	2023-10-05	DEF
2023-10-10	Client Meeting	75.00	Client Relations	Completed	Meeting with new client	[Signature]	2023-10-10	GHI
2023-10-15	Software License	500.00	IT	Completed	Annual license renewal	[Signature]	2023-10-15	JKL
2023-10-20	Marketing Campaign	1200.00	Marketing	In Progress	Launch of new product line	[Signature]	2023-10-20	MNO
2023-10-25	Employee Salary	8000.00	HR	Completed	Monthly payroll processing	[Signature]	2023-10-25	PQR
2023-10-30	Equipment Purchase	2500.00	General	Completed	New computer system	[Signature]	2023-10-30	STU
2023-11-05	Client Invoice	450.00	Client Relations	Pending	Invoice sent to client	[Signature]	2023-11-05	VWX
2023-11-10	Office Rent	1800.00	General	Completed	Monthly rent payment	[Signature]	2023-11-10	YZA
2023-11-15	Training Course	300.00	HR	Completed	Employee training session	[Signature]	2023-11-15	BCD
2023-11-20	Client Feedback	50.00	Client Relations	Completed	Survey results analysis	[Signature]	2023-11-20	EFG
2023-11-25	Software Upgrade	750.00	IT	In Progress	Implementing new features	[Signature]	2023-11-25	HIJ
2023-12-01	Year-end Summary	0.00	General	Completed	Annual financial review	[Signature]	2023-12-01	KLM



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C.I.F. P-2701000 H - R. E. L. 01270109

CONCELLO DE
CASTRO DE REI (LUGO)

LIQUIDACIÓN PROVISIONAL A CONTA

Expte.:

DATOS DO SOLICITANTE:

Nome e apelidos:

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Dirección:

San Marcos, 8. Lugo

D.N.I. / C.I.F.:

P27000001

SOLICITUDE:

MODIFICADO de Licencia de obra maior conforme: "Proxecto de execución da planta de Biogás no Centro de Recría da Granxa Gayoso Castro"

EMPRAZAMENTO:

Parcela 41 do polígono 221. Duarria. Castro de Rei

CLASIFICACIÓN DO SOLO:

Solo Rústico

Ref. Catastral Nº:

27010A2121000410000PE

27 MAI 2015

REGISTRO XERAL

ENTRADA Nº: SALIDA Nº: 658

Copia da liquidación practicada polos servizos administrativos deste Concello, das taxas municipais que corresponde satisfacer pola licenza a que este expediente se refire.

CONCEPTOS	IMPORTE
ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS. 1.425.779,61 X 2%	28.515,59 €
TOTAL	28.515,59 €

RECURSOS: Contra esta liquidación poderá interpoñer, ante a Alcaldía, o recurso de reposición, no prazo dun mes, a contar dende a notificación, a que se refire o art. 108 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación, segundo dispón o art. 46.1 e 4 da lei 29/1988 reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, e nas condicións establecidas no art. 45 da mesma Lei, ou ben conforme dispón o art. 78, para o suposto de que por razón da contía resultase de aplicación o procedemento abreviado.

Se a resolución do recurso de reposición non fose expresa, o prazo para interpoñer o contencioso-administrativo será de seis meses, contados desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación por acto presunto, de acordo coa súa normativa específica.

Así mesmo advérteselle que tamén poderá utilizar, pola súa conta, calquera outro recurso que estime oportuno.

PAGO DA LIQUIDACIÓN: Por ingreso en calquera oficina das entidades bancarias existentes neste municipio, no seguinte prazo:

- Para as liquidacións notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de notificación ata o día 20 do mes seguinte ou, se este fose festivo ou coincidise en sábado, o inmediato hábil posterior.

- Para as notificadas entre o día 16 e último de cada mes, desde a data de notificación ata o día 5 do 2º mes posterior ou, si este fose festivo ou coincidise en sábado, o inmediato hábil posterior.

Transcorridos os prazos anteriores sen ter efectuado o ingreso, procederase ó seu cobro pola vía administrativa de constrinximento, séndolle de aplicación os recargos do período executivo que se establecen polo art. 28 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria (BOE 18/12/2003).

Castro de Rei, 20 de maio de 2015.

O Alcalde,

Asdo.: Francisco Javier Balado Teijeiro

Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo
San Marcos, 8 - Lugo

1. The first part of the document discusses the importance of maintaining accurate records of all transactions. It emphasizes that proper record-keeping is essential for the transparency and accountability of the organization. This section also outlines the various methods used to collect and analyze data, ensuring that the information is reliable and up-to-date.

2. The second part of the document focuses on the implementation of the proposed changes. It details the steps involved in the rollout process, from initial planning to final execution. This section also addresses potential challenges and provides strategies to overcome them, ensuring a smooth transition to the new system.

3. The third part of the document discusses the ongoing monitoring and evaluation of the project. It highlights the need for continuous communication and collaboration between all stakeholders involved. This section also provides a framework for assessing the progress and impact of the project, allowing for timely adjustments and improvements.

4. The fourth part of the document concludes with a summary of the key findings and recommendations. It reiterates the importance of maintaining accurate records and the need for ongoing communication and collaboration. The document also provides a list of resources and contacts for further information and support.

**ANEXO XIII DEL
PLIEGO DE
CLÁUSULAS
ADMINISTRATIVAS.
CONVENIOS**



CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE CASTRO DE REI Y A EXCMA. DIPUTACION PROVINCIAL DE LUGO PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DE TERREOS PROPIEDAD DA DIPUTACION PROVINCIAL AO CONCELLO DE CASTRO DE REI PARA A DOTACIÓN POLO DEVANDITO CONCELLO DUNHA INSTALACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN DE GAS PROPANO POR CANALIZACIÓN Á VILA DE CASTRO DE RIBEIRAS DE LEA.

No Pazo Provincial de Lugo a 20 de Marzo de 2009,

REUNIDOS

Dunha parte o Ilmo. Sr. D. José Ramón Gómez Besteiro, presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en nome e representación desta Entidade, en virtude de os disposto no art. 105.b) da Lei 7/85 do 2 de abril Reguladora de Bases de Réxime Local e no art. 105.1.a) da Lei 5/97 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, asistido do Secretario Xeral desta D. Faustino Martínez Fernández.

E de outra D. Juan José Díaz Valiño, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei, en nome e representación do devandito Concello baseándose en os disposto no art. 21.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e no art. 61.1.a) da Lei 5/97 do 22 de xullo de Administración de Galicia.

INTERVEÑEN

O primeiro, en razón do seu cargo e, polo tanto, en nome e representación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

O segundo faino, así mesmo, en nome e representación de Concello de Castro de Rei.



EXPOÑEN

Que a Lei 7/85 do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, sinala no seu art. 55.d) que as relacións interadministrativas deben prestar, no ámbito propio, a cooperación e asistencia activa que as outras administracións puidesen precisar para a eficaz cumprimento das súas tarefas.

Considerando que as administracións públicas galegas axustarán as súas relacións aos principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto aos correspondentes ámbitos competenciales e que as Deputacións Provinciais poderán subscribir con todos ou algún dos Municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais e a maior eficacia na prestación de outros, para alcanzar a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia.

Que os Municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da Comunidade veciñal.

Conscientes as partes intervinientes da necesidade de crear infraestruturas municipais, estiman oportuno unir esforzos económicos coa finalidade de colaborar, executando e poñendo os medios necesarios para contribuír á execución dos fins e obxectivos para a dotación dunha instalación de subministración de gas propano por canalización á vila de Castro de Ribeiras de Lea, Concello de Castro de Rei.

Por iso, de acordo co principio de colaboración para o mellor servizo dos fins públicos que lle son propios ás Administracións intervinientes, de conformidade co respecto mutuo aos ámbitos competenciales que lle corresponden a cada unha das partes,



segundo o Ordenamento Xurídico vixente, aproban este **Convenio de Colaboración** que se rexerá polas seguintes

ANTECEDENTES

Primeiro. - Tendo en conta que o Centro Residencial e Rehabilitador de San Rafael de Castro de Ribeiras de Lea, de propiedade desta Excma. Deputación Provincial conta actualmente cun depósito de G.L.P., que xunto co que achegaría a empresa subministradora, sería suficiente para o abastecemento de toda a vila de Castro de Ribeiras de Lea, e que a instalación deste segundo depósito quedou prevista no seu día mediante a colocación dun soporte situado a continuación do depósito existente en terreos da Excma. Deputación Provincial.

Segundo. - A Excma. Deputación Provincial de Lugo é dona do inmovible denominado "Hospital Provincial San Rafael", hoxe Centro Residencial e Rehabilitador San Rafael, situado en Castro Ribeiras de Lea, inscrito no Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Corporación, co nº 3, folio 5 e coa natureza xurídica de ben de dominio público, destinado ao servizo público.

No terreo ocupado polo devandito Hospital atopa unha parcela dedicada a depósito de gas de subministración ao devandito Centro, cunha superficie de 680,00 m²., o plano da cal se achega a este documento.

Terceiro. - É obxecto do presente convenio establecer o marco de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castro de Rei para a dotación para a cesión do uso privativo dos terreos destinados a depósitos de gas, que esta Excma. Deputación posúe en Castro de Ribeiras de Lea co fin de que os utilice para instalar neles os depósitos de almacenamento e a ocupación correspondente do subsolo para a canalización necesaria, que servirán á subministración de gas á vila de Castro de Ribeiras de Lea.



CLAUSULAS

Primeira. - A Excma. Deputación Provincial de Lugo habilita mediante concesión ao Concello de Castro de Rei, ao dereito temporal de uso privativo gratuito sobre unha dependencia de dominio público provincial que se menciona a continuación e a ocupación da cal é necesaria ao Concello de Castro de Rei, para a execución do fin de interese xeral proposto, de dotación de subministración enerxética, para usos domestico, comercial e industrial á área urbana de Castro de Ribeiras de Lea, ao amparo do disposto no art. 137.4.a) da Lei 33/03 de Patrimonio das Administracións Públicas.

Segunda. - Obxecto. - É obxecto desta habilitación gratuita ao Concello de Castro de Rei, a utilización privativa e gratuita do dominio público provincial dunha parcela de 680,00 m² para depósito e almacenamento, e dunha ocupación do subsolo para dúas canalizacións, unha de 227,00 m.l. de lonxitude con canalización de Ø 90 mm. e gabiá de 0,60 m., e outra de 287,00 m.l. de lonxitude, resolve de 0,50 m. de ancho con canalización de Ø 40 mm, a descrición topográfica da cal se achega a este Convenio, e situado no terreo que actualmente ocupa o Centro Residencial e Rehabilitador San Rafael, propiedade desta Excma. Deputación Provincial.

Terceira. - Finalidade. - O fin do uso da parcela polo Concello de Castro de Rei, é o almacenamento de gas propano e prestación continuada do servizo de abastecemento de gas á vila de Castro de Ribeiras de Lea.

Cuarta. - Prazo. - O prazo polo que se outorga a concesión gratuita do uso da parcela e subsolo ao Concello de Castro de Rei, é de vinte (20) anos, podendo ser prorrogables de forma expresa ata o previsto no art. 93.3 da Lei 33/03 de Patrimonio das Administracións Públicas.



Quinta. - Extinción. - O uso privativo da parcela concedida reverterá á Excma. Deputación Provincial polo transcurso do prazo concedido, polo incumprimento ou cesación do interese público incluído no obxecto do Título demanial, por desafectación do ben ou por mutuo acordo, e, en todo caso, co previsto no art. 100 e 101 da Lei 33/03 de Patrimonio das Administracións Públicas e no previsto nas Leis Patrimoniais.

Sexta. - Integración. - No suposto caso de extinción do título outorgado do uso da parcela e do subsolo concedido ao Concello de Castro de Rei, reintegraranse os bens á súa afectación principal no Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

O Centro de Recría da Granxa Gayoso-Castro esta deseñado para un total de entre 2600 e 2750 novillas, polo que sería o maior centro de recría público do estado español, isto non é sorprendente tendo en conta que Galicia é a segunda comunidade autónoma en número de cabezas de gando só por debaixo de Castela León que ten máis do triple de superficie que Galicia.

4.- NECESIDADE DUN CENTRO DE RECRÍA DE APOIO ÓS GANDEIROS DE PRODUCCIÓN DE LEITE.

A necesidade de facer recría nas explotacións de vacún de leite é evidente, fronte a compra de novillas que sería a outra alternativa sempre máis cara e sen coñecer de forma tan precisa as aptitudes dos animais que se incorporan.

A recría pode facerse na propia granxa ou fora dela, no primeiro caso implica unhas necesidades de espazo e tempo importantes ademais de posibles problemas de problemas infecciosos en grupos de novillas da mesma idade. Os gandeiros que opten por externalizar a recría teñen que enviar os seus animais principalmente a Granxa "Las Nieves" de Zaragoza cos consecuentes problemas de estrés para os animais e de patoloxías asociadas a unha viaxe tan longa.

Como vimos no apartado 2 existe un censo importante de novillas de gando frisón (49132) na provincia de Lugo como consecuencia da necesidade de renovación do gando adulto.



DEPUTACIÓN DE LUGO

A recría de novillas merma capacidade produtiva as explotacións gandeiras posto que consumen recursos da explotación tanto en espazo como en alimento, asimesmo, por non ser o fin das explotacións gandeiras a recría senon a produción de leite resta especialización a esta actividade.

A necesidade dun centro de recría público e de referencia nesta provincia de Lugo coa importancia que o sector lácteo ten e polo tanto evidente e a deputación de Lugo como administración estruturante da provincia non pode dar as costas as necesidades do sector primario que ten moito peso específico.

A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, (artigo 36 LBRL), en relación cun sector prioritario e de peso singular na economía e sociedade luguesa, que vincula ao sector primario, secundario e treceirio á carón dunha actividade tradicional e integrada na identidade lucense (na súa ideosincracia), xustifica sobranceiramente esta iniciativa económica

A Iniciativa económica constitúe unha medida, desde a administración provincial, para o desenvolvemento rural sostible, de acordo coa Lei 45/2007, de 13 de decembro.

Lugo, 6 de xuño de 2016.

O Presidente

Asdo, Darío Campos Conde.



PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DE USO DE INMOBLE PROVINCIAL POLA FUNDACIÓN DE DANO CEREBRAL (FUDACE).

Con data de 20 de xuño de 2016 a Fundación de Dano Cerebral FUDACE presenta solicitude ante esta Entidade Provincial para a utilización privativa de bens de dominio público provincial.

A tal efecto emítese informe da Sección de Patrimonio e Inventario Xeral de 5 de agosto de 2016 e conformado pola Secretaría Xeral do seguinte teor:

"Baixo a denominación HOGAR ESCUELA "SAGRADA FAMILIA" encóntrase o inmovible de dominio público provincial inscrito ao número 4, folio 6 do Inventario Xeral de Bens e Dereitos Provinciais.

Dita edificación está encravada a parcela provincial de carácter demanial inscrita ao número 5, folios 7 ao 10 do Inventario Xeral de Bens e Dereitos Provinciais conxuntamente cos terreos propios da Granxa Provincial.

Destes inmoables refírense os seguintes antecedentes:

PRIMEIRO. Con data de 26 de xuño de 2000 o Pleno desta Corporación acordou a cesión de uso de locais, propiedade desta Deputación Provincial á Cruz Roja Española, por prazo de vinte anos nos seguintes termos: "Ceder a la Cruz Roja española el uso del inmueble situado en Castro de Rei (Lugo) para el proyecto de acondicionamiento del Centro de Educación Especial de Castro de Riberas de Ilea, adaptándolo como centro de día para paráliticos cerebrales durante veinte años plazo durante el cual la Cruz Roja Española se compromete a destinar el inmueble objeto de financiación a esta finalidad (...)"

SEGUNDO. O Pleno de 27 de novembro de 2006 acordou a cesión de uso de locais, propiedade desta Excm. Deputación á Fundación de Dano Cerebral (FUDACE), por un prazo de vinte e cinco anos. Dito acordo adoptase en virtude da petición feita pola Cruz Roja Española de cesión de uso das instalacións cedidas ao seu favor pola Deputación Provincial, nos mesmos termos e condicións, en beneficio da Fundación de Dano Cerebral (FUDACE).

Polo tanto o inmovible provincial encóntrase cedido a favor da Fundación de Dano Cerebral (FUDACE) durante o prazo de vinte e cinco anos ata o 25 de xuño de 2025.

TERCEIRO. Por medio de escrito de 3 de maio de 2016, e número 11999 de rexistro de entrada, o Presidente da Fundación de Dano Cerebral solicita a ampliación do prazo da cesión de uso do inmovible provincial ata o 25 de xuño de 2036 coa finalidade de *"incrementar su actividad en Castro Riberas de Ilea atendiendo a pacientes duales, es decir, que llevan asociado un trastorno de la conducta a una discapacidad, para lo cual va a solicitar una ayuda del programa comunitario Leader (horizonte 2014-2020)"* e deste xeito cumprir os requisitos esixidos na referida convocatoria.



CUARTO. Con data de 20 de xuño de 2016, e número de rexistro de entrada 16248, abunda na súa solicitude e faina extensible á necesidade de construír un centro de patoloxía dual para prestar atención especializada ao elevado número de persoas que asociado á discapacidade que padecen, presenta severos trastornos de conduta na procura dunha mellora de calidade de vida para este colectivo parcialmente atendido na actualidade.

Así mesmo, co ánimo de poder concorrer a diversas subvencións na construción deste novo centro de patoloxía dual convocadas, entre outras, pola iniciativa europea Leader é polo que a Fundación de Dano Cerebral (FUDACE) renuncia ao uso do Inmable provincial do que hoxe goza para solicitar de xeito unificado por un prazo de 50 anos o seguinte:

- a) uso da parcela provincial identificada baixo o número de referencia catastral 27010A22100047 de 10.274 m² coas construcións nelas existentes.
- b) uso de 71.791 m² da parcela identificada baixo o número de referencia catastral 27010A22100041.

Como establece o artigo 2 do R.D 1372/86 que aproba o Regulamento de bens das entidades locais: os bens de dominio público serán de uso o servizo público e o título habilitante para constituír un uso privativo sobre un ben de dominio público é a CONCESIÓN (art. 84 de carácter básico da Lei 33/03 do Patrimonio das administracións públicas).

Sobre os terreos solicitados se informa polos servizos técnicos desta Entidade Provincial do seguinte teor:

"(...) no son necesarios para desenvolvemento da granxa.

O uso pretendido, non pode ser incompatible cos desenvolvidos no marco da granxa provincial xa que ese uso xa existe no edificio que ocupan actualmente, que está a carón da que solicitan, e non deixa de ser unha ampliación de superficie do uso xa existente.

En canto o que pretende realizar, a figura urbanística que usarán é a correcta (plan especial de dotacións para equipamentos en solo rústico), pero o que non se entende é a cesión ó concello de Castro de Rei de 6.000 m² xa que as cesións contempladas na lei son para solos urbáns e urbanizables, non para rústicos. De todas formas hai que indicar que a Deputación Provincial, xa cedeu 81.000 m² de terreos pertencentes á granxa provincial ó concello de Castro de Rei para espazos dotacionais, nos que se construíron o xeriátrico, campo de fútbol, piscina municipal, campos de tenis, etc."

Tendo en conta o citado Informe, das consideracións xurídicas derivadas do exame da solicitude das parcelas provinciais sinálase:



1. En relación ao inmovible e uso solicitado

INMOBLE

Segundo describe a solicitude, e detalla o plano adxunto a mesma, interesa un inmovible provincial xuridicamente cualificado como ben de dominio público e de uso ou servizo público. Figura a seguinte inscrición no Libro Inventario Xeral de Bens e Dereitos Provinciais:

Baixo a denominación HOGAR ESCUELA "SAGRADA FAMILIA" encóntrase o inmovible de dominio público provincial inscrito ao número 4, folio 6 do Inventario Xeral de Bens e Dereitos Provinciais.

Dita edificación está encravada na propiedade provincial de carácter demanial inscrita ao número 5, follos 7 ao 10 do Inventario Xeral de Bens e Dereitos Provinciais conxuntamente cos terreos propios da Granxa Provincial.

Así mesmo os bens están identificados baixo os números de referencia catastrais, cuxas fichas catastrais constan incorporados ao expediente, que se detallan:

- Parcela número 27010A22100047 de 10.274 m² na que se encontran encravadas as seguintes construcións identificadas cos números: 000400700PH27G0001GZ; 000400800PH27G0001QZ; 000400600PH27G0001YZ e 000800100PH27G0001RZ.
- O uso de 71.791 m² da subparcela destacada baixo a letra e da parcela identificada baixo o número de referencia catastral 27010A22100041000PE.

USO

A utilización dos bens de dominio público rexerase polo R.D 1372/86 de 13 de xuño que aproba o Regulamento dos bens das entidades locais, sección 1 do Capítulo IV baixo o epígrafe "A utilización dos bens de dominio público". O artigo 75: "En la utilización de los bienes de dominio público se considerará: (...) 2º Uso privativo, el constituido por la ocupación de una porción del dominio público, de modo que se limite o excluya la utilización por los demás interesados (...)", quedando suxeita a súa utilización a concesión administrativa (artigo 78).

No mesmo sentido o artigo 5 da Lei 33/2003, de 3 de novembro do patrimonio das administracións públicas define os bens de dominio público e ampara o seu uso privativo baixo a correspondente concesión administrativa (art. 85.3 e art. 86.3).

Lémbrese que a concesión administrativa está expresamente excluída do ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

[\"Artículo 4: Negocios y contratos excluidos: 1. Están excluidos del ámbito de la presente Ley los siguientes negocios y relaciones jurídicas: o) Las autorizaciones y concesiones sobre bienes de dominio público y los contratos de explotación de bienes patrimoniales distintos a los definidos



en el artículo 7, que se regularán por su legislación específica salvo en los casos en que expresamente se declaren de aplicación las prescripciones de la presente Ley".}

Segundo o disposto no artigo 80 do R.D 1372/86 de 13 de xuño, Regulamento dos bens das entidades locais, a utilización e aproveitamento do mencionado ben de dominio público provincial farase a través de concesión administrativa que necesariamente fixará as cláusulas ou condicións xerais segundo ás que se outorga a concesión demanial.

Así mesmo, subliñase que a pretendida concesión administrativa de dominio público non implica cesión do mesmo nin das facultades dominicais desta Deputación Provincial; que se outorgaría sen prexuízo de terceiro e deixando a salvo os dereitos preexistentes; con suxección ao disposto no acordo asinado ao efecto; ao establecido no artigo 92 e seguintes da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ao Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais, á Lei 5/2011, de 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia principalmente.

2. En relación ao solicitante

A solicitude está subscrita pola Fundación de Dano Cerebral que como toda Fundación conforme ao artigo 34 da Constitución é de interese xeral.

O seu réxime xurídico está encabezado pola Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións, que claramente no seu artigo 2 expresa que as fundacións deberán perseguir fins de interese xeral: *"Son fundaciones las organizaciones constituidas sin fin de lucro que, por voluntad de sus creadores, tienen afectado de modo duradero su patrimonio a la realización de fines de interés general. Las fundaciones se rigen por la voluntad del fundador, por sus Estatutos y, en todo caso, por la Ley"*.

E reiterado no artigo 3: *"En ningún caso podrán constituirse fundaciones (...) que no persigan fines de interés general"*.

Polo tanto para as fundacións a declaración de utilidade pública sería redundante. Neste sentido convén aclarar que a declaración de utilidade pública afectará ás asociacións, posto que a normativa reguladora do dereito de asociación, Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, establece que as asociacións se constitúen para conseguir unhas "finalidades lícitas, comúns, de interese xeral ou particular" (art. 5), polo que as asociacións si precisan dunha xustificación legal expresa de que colaboran na consecución do interese xeral.

A este respecto a Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado equipara unha Fundación a unha asociación declarada de utilidade pública. Así o seu artigo 2 dispón: *"Se consideran entidades sin fines lucrativos a efectos de esta Ley, siempre que cumplan los requisitos establecidos en el artículo siguiente"*.



- a) *Las fundaciones*
- b) *Las asociaciones declaradas de utilidad pública....."*

Da devandita Fundación de Dano Cerebral FUDACE consta no expediente certificación dos datos do Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego de clasificación como benéfico social por Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública de 13 de novembro de 2003 (DOGA nº 228 do 24 de novembro) e de declaración de interese galego por Orde da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais do 12 de febreiro de 2004 (DOGA nº 46 do 5 de marzo).

Polo tanto en relación ao solicitante cumprese un dos supostos previstos para o outorgamento directo das concesións demaniais previstas como lexislación básica no artigo 93.1 da Lei 33/2003 de 3 de novembro do patrimonio das administracións públicas, e artigo 137.4, para as entidades sen ánimo de lucro, cuxa utilidade pública é intrínseca ao propio concepto de fundación e polo tanto sen necesidade de acto declarativo expreso.

[Artículo 137.4: Se podrá acordar la adjudicación directa en los siguientes supuestos: b) Cuando el adquirente sea una entidad sin ánimo de lucro, declarada de utilidad pública, o una iglesia, confesión o comunidad religiosa legalmente reconocida.]

3. En relación á solicitude

O procedemento de concesión demanial iníciase a solicitude de FUDACE á que acompaña unha memoria detallada e explicativa dos fins e actividades de utilidade pública e interese social desenvolto polo solicitante axustándose ao previsto no artigo 82 do RBEL:

"1. Cuando alguna persona, por propia iniciativa, pretendiere una ocupación privativa y normal de dominio público, deberá presentar una memoria explicativa de la utilización y de sus fines, y justificativa de la conveniencia y de la normalidad de aquellos respecto del destino del dominio que hubiere de utilizarse.

2. La corporación examinará la petición y teniendo presente el interés público, la admitirá a trámite o la rechazará".

Expón que, xunto ao desenvolvemento do propio centro de dano cerebral que atende a 45 persoas afectadas, pretende realizar mais e novas actuacións dirixidas a un colectivo que, ademais de estar afectados por un dano cerebral, teñen asociado severos trastornos de conduta polo que precisan dunha atención especializada que culminaría coa construción dun novo centro de patoloxía dual na parcela provincial que se solicita

O citado ben provincial cumpre cos requisitos que a Fundación de Dano Cerebral (FUDACE) require para atender a demanda ao seu propósito de utilidade pública e interese social. Así mesmo lémbrese que esta Deputación Provincial ten entre outras finalidades a prestación de servizos públicos e o fomento e cooperación no desenvolvemento económico e social do seu territorio provincial.



Polo tanto, a pretendida concesión demanial quedará condicióna á realización e consecución dos fins de interese e utilidade pública constitutivos da propia identidade da Fundación de Dano Cerebral que ata a data se desenvolven na parcela provincial identificada baixo o número de referencia catastral 27010A22100047 coas construcións nelas existentes.

Tamén se desenvolverán no novo centro de patoloxía dual que FUDACE vai construír na parcela provincial identificada baixo o número de referencia catastral 27010A22100041 da que solicita 71.791 m² da totalidade da parcela. No seu caso, procederá a reversión desta finca a favor desta Deputación Provincial.

4. En relación ao prazo concesional

O obxectivo final do peticionario, como se expuxo, refire a intención de incrementar a atención a pacientes duais que levan asociado un trastorno da conduta a unha discapacidade. Tal incremento na actividade que xa desenvolve FUDACE precisa da construción dun novo centro de patoloxía dual na parcela provincial que se solicita dado que o centro no que ata a data desenvolve os seus fins, non é suficiente para acoller este novo reto.

Para a construción deste novo centro de patoloxía dual pretende aproveitar a oportunidade de concorrer a diversas subvencións convocadas, entre outras, pola iniciativa europea Leader como axuda contemplada no programa comunitario denominado Leader horizonte 2014-2020. Dita axuda, entre outros requisitos, condicióna o uso dos terreos a un amplo período de tempo. Por esta razón e para unificar a utilización dos bens de dominio público interesados, pretende a utilización dos bens provinciais por un prazo de 50 anos.

Precisase que o prazo desexado é adecuado ao previsto na Lei 33/2003 LPAP que no seu articulado básico contido no punto 3 do artigo 93 dispón: *"Concesiones demaniales. 3. Las concesiones se otorgarán por tiempo determinado. Su plazo máximo de duración, incluidas las prórrogas, no podrá exceder de 75 años, salvo que se establezca otro menor en las normas especiales que sean de aplicación".*

5. En relación ao modo da concesión

Expresamente determina o número 4 e 5 do devandito artigo 93 da LPAP que a concesión de uso privativo poderá ser gratuíta e non estará suxeita a taxa cando a utilización privativa do ben de dominio público no leve aparellada unha utilidade económica para o concesionario. Así deberá ser neste caso pola propia condición do solicitante. Polo tanto pódese aplicar a gratuidade ao presente procedemento.

6. En relación á formalización da concesión

O reiterado artigo 93 da LPAP, e o artigo 80 do RBEL, establece que concluído o procedemento de adxudicación da concesión demanial debe procederse a súa formalización en documento administrativo que constituirá título suficiente para inscribir a concesión no Rexistro da



Propiedade. Non obstante, poderá elevarse a escritura pública a petición do concesionario e a súa costa.

Por ese motivo a presente concesión administrativa para o uso privativo do mencionado ben de dominio público provincial fixa as cláusulas con arranxo ás que se outorga para ser destinada ao uso que se indica e cuxa redacción encóntrase incorporada a este documento.

7. En relación á constitución de garantía definitiva

Esixido este requisito no artigo 90 do Regulamento de Bens das Entidades Locais do seguinte teor:

"1. La garantía definitiva que habrá de constituir el adjudicatario de la concesión, dentro del plazo de los quince días siguientes a la notificación, consistirá en el 3 por 100 del valor del dominio público ocupado y, en su caso, del presupuesto de las obras que hayan de ejecutar.

2. La garantía se devolverá al concesionario, si hubiere de realizar obras revertibles a la entidad local, cuando acredite tenerlas efectuadas por valor equivalente a la tercera parte de las comprendidas en la concesión".

Atendendo aos valores catastrais dos inmobles obxecto desta concesión pódese determinar que a contía da garantía definitiva sería de 13.416,55 € sobre un valor catastral de 447.218,49 € segundo os seguintes datos:

- Parcela número 27010A22100047 de 229.158,80€ na que se encontran encravadas as seguintes construcións identificadas coas referencias: 000400700PH27G0001GZ de 11.833,75€; 000400800PH27G0001QZ de 134.940,95€; 000400600PH27G0001YZ de 58.744,97€ e 000800100PH27G0001RZ de 1.100,02€.
- Uso de 71.791 m² da subparcela destacada baixo a letra e da parcela identificada baixo o número de referencia catastral 27010A22100041000PE cuxo valor catastral prorrateado sobre a totalidade é de 11.440 €.

8. Competencia

En virtude do seguinte contido literal:

Disposición adicional 2ª do TRLCSP

(...)

Asimismo corresponde a los Alcaldes y a los Presidentes de las Entidades locales la adjudicación de concesiones sobre los bienes de las mismas y la adquisición de bienes inmuebles y derechos sujetos a la legislación patrimonial cuando su valor no supere el 10 por 100 de los recursos ordinarios del presupuesto ni el importe de tres millones de euros, así como la enajenación del patrimonio, cuando su valor no supere el porcentaje ni la cuantía indicados.



2. Corresponde al Pleno las competencias como órgano de contratación respecto de los contratos no mencionados en el apartado anterior que celebre la Entidad local.

Dita competencia pola atribución do artigo 59.11 do Regulamento Orgánico desta Deputación Provincial corresponde á Xunta de Goberno.

9. Réxime xurídico

A concesión demanial pretendida é conforme coa lexislación básica en materia de réxime local e da reguladora do réxime xurídico do patrimonio e bens das Administracións Públicas; coa lexislación, que no ámbito das súas competencias dita a Comunidade Autónoma; coas ordenanzas propias da Entidade Local e no seu caso coa lexislación non básica nesta materia. Polo tanto, e en particular:

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e a Lei 5/2011, de 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

10. Conclusión

Por todo o exposto, e tendo en conta a vontade e conformidade das partes que interveñen e o principio de liberdade de pactos expresamente recollido na Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas no seu artigo 111, enténdese que é posible efectuar a concesión demanial para a realización dos fins de utilidade pública do solicitante.

No caso de incumprimento desta vinculación ao fin ou das prescricións legais e particulares que rexen na adopción desta concesión executarase a resolución e reversión dos bens provinciais.

O texto do acordo entre a Excm. Deputación de Lugo e a Fundación de Dano Cerebral manifesta un compromiso conxunto que vai dirixido a articular a concesión demanial de uso dun ben provincial con arranxo ás seguintes estipulacións:



**ACORDO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO E A A FUNDACIÓN DE DANO CEREBRAL
PARA A CONCESIÓN DEMANIAL GRATUITA DE USO DUN BEN PROVINCIAL.**

PRIMEIRA.- Obxecto.

O presente Acordo ten por obxecto a concesión demanial por parte da Deputación de Lugo a favor da Fundación de Dano Cerebral (FUDACE) do uso privativo dos inmobles provinciais cualificados coa de natureza xurídica de dominio público e destinados ao servizo público seguintes:

Baixo a denominación de HOGAR ESCUELA "SAGRADA FAMILIA" encóntrase o inmovible de dominio público provincial inscrito ao número 4, folio 6 do Inventario Xeral de Bens e Dereitos Provinciais.

Dita edificación está encravada na propiedade provincial de carácter demanial inscrita ao número 5, folios 7 ao 10 do Inventario Xeral de Bens e Dereitos Provinciais conxuntamente cos terreos propios da Granxa Provincial.

Ditos bens están identificados baixo os seguintes números de referencia catastral:

- Parcela número 27010A22100047 de 10.274 m² na que se encontran encravadas as seguintes construcións identificadas cos números: 000400700PH27G0001GZ; 000400800PH27G0001QZ; 000400600PH27G0001YZ e 000800100PH27G0001RZ.
- O uso de 71.791 m² da subparcela está destacada baixo a letra e da parcela identificada baixo o número de referencia catastral 27010A22100041000PE.

SEGUNDA.- Fins.

O concesionario destinará o inmovible obxecto desta concesión demanial á consecución dos fins e actividades propios da Fundación de Dano Cerebral.

Ditos fins están enmarcados no ámbito da prestación dos servizos necesarios ás persoas afectadas por dano cerebral e/ou que teñen asociado severos trastornos de conduta que precisan dunha atención especializada.

Polo tanto, a presente concesión demanial queda condiciona á realización e consecución dos fins de interese e utilidade pública constitutivos da propia identidade da Fundación de Dano Cerebral que ata a data se desenvolven na parcela provincial identificada baixo o número de referencia catastral 27010A22100047 coas construcións nelas existentes.

E que tamén se desenvolverán no novo centro de patoloxía dual que FUDACE vai construír na parcela provincial identificada baixo o número de referencia catastral 27010A22100041 da que solicita 71.791 m² do total parcela. No seu caso procederá a reversión desta finca a favor da Deputación Provincial.



TERCEIRA.- Condicións e requisitos da concesión demanial.

1. A concesión demanial será gratuíta e de uso do inmovible descrito e non está suxeita a taxa.
2. Xuntarase o xustificante do depósito da garantía definitiva segundo determina o artigo 90.1 do RD1372/86 do Regulamento de bens das entidades locais.
3. O concesionario non poderá ceder os espazos ou locais, total ou parcialmente nin destinalos a un uso distinto do autorizado, sen a previa e expresa conformidade da Deputación de Lugo. Así mesmo, se compromete a utilizar nas instalacións obxecto do presente Acordo ao seu propio persoal, non estando permitida a participación doutra entidade ou institución, ou persoal alieo a esa entidade, sen previa autorización expresa da Deputación de Lugo.
4. A Deputación de Lugo autoriza ao concesionario a realizar nos espazos cuxo uso se cede por medio do presente Acordo todas as obras necesarias para a adaptación aos fins do mesmo, tanto de construción, ampliación, como de modificación, debendo contar coa conformidade previa da Deputación de Lugo para a realización destas obras, que serán integramente de conta do concesionario.
5. O concesionario queda obrigado a construír na parcela provincial identificada baixo o número de referencia catastral 27010A22100041 da que solicita 71.791 m² da parcela un novo centro de patoloxía dual. Dita obriga trae causa da propia solicitude na que foi ofrecida. Vincúlase ao fin da presente concesión demanial polo que en caso de incumprimento procederá a reversión desta finca a favor da Deputación Provincial.
6. A Deputación de Lugo se reserva o dereito de inspeccionar en calquera momento o inmovible e as instalacións obxecto da autorización de uso, en garantía da súa aplicación ao fin que motiva este Acordo, e esixir ao concesionario, se procede, a realización das actuacións necesarias para a adecuación aos fins para os que foi cedido.
7. O concesionario queda obrigado a manter en perfecta conservación o inmovible e as instalacións cedidas, sendo responsable dos danos, detrimentos ou deterioracións causados.
8. Así mesmo, desenvolverá as súas actividades, nos espazos e instalacións obxecto da concesión, baixo a súa exclusiva responsabilidade, quedando a Deputación de Lugo exonerada de calquera responsabilidade ou obriga respecto das mesmas, incluíndo os supostos de incendio, destrución, etc. O concesionario terá a obriga de formalizar a oportuna póliza de seguro que cubra os citados riscos e os dimanados da asunción da responsabilidade derivada da ocupación do inmovible que contarán obrigatoriamente coa cobertura dunha póliza de seguros, aval bancario ou outra garantía suficiente.
9. O concesionario costeará integramente o importe dos servizos de que poda dispor tanto no inmovible como as instalacións cedidas, tales como electricidade, auga, calefacción, liñas telefónicas, etc, así como dos seus consumos mensuais.



10. O concesionario asumirá a obriga de pago de todos os tributos que afecten ao inmoble e instalacións durante o prazo de duración da concesión e, en particular, do I.B.I.

11. Así mesmo, virá obrigado a obter as autorizacións, permisos e licenzas que resulten necesarios para o desenvolvemento das súas actividades, así como das que deriven da construción do cento de patoloxía dual. A Deputación de Lugo, comprométese a tramitar aquelas que sexan necesarias en razón da súa condición de propietaria do inmoble, repercutindo ao concesionario os gastos que elo ocasione.

12. A entidade concesionaria responderá dos danos que se puideran ocasionar por un uso inadecuado e/ou imprudente dos inmobles e instalacións provinciais, así como da responsabilidade civil derivada do uso dos mesmos e da actividade levada a cabo polo seu propio persoal nas instalacións da Deputación de Lugo.

13. En todo caso, a entidade concesionaria será responsable do cumprimento das obrigas laborais, sociais, fiscais, as derivadas da prevención de riscos laborais ou de calquera outra índole do seu persoal e tamén será responsable de todas as persoas que realicen labores nos espazos e instalacións cedidas, quedando esta Deputación Provincial eximida de toda responsabilidade derivada de calquera continxencia que sucedese no ámbito do acordo desta concesión demanial.

14. En relación á coordinación da actividade materia de Prevención de Riscos Laborais entre a Deputación de Lugo e a entidade concesionaria, esta entidade se atará ás obrigas que en esta materia establece a lei respecto ao intercambio de información, procedemento de coordinación de actividades empresariais, información profesional, planificación da actividade preventiva, avaliación de riscos e información do plan de emerxencia.

15. En caso de reversión, todas as melloras, ampliacións e obras realizadas no inmoble ou instalacións cedidas pasarán a ser propiedade da Deputación de Lugo, sen dereito por parte do concesionario a recibir indemnización nin compensación ningunha.

16. O concesionario non poderá destinar dito inmoble a usos distintos dos expresados, e tampouco poderá arrendar, traspasar, nin ceder a terceiros, nin sequera temporalmente nin a título de precario, todas ou parte das dependencias que integran o inmoble, salvo autorización expresa da Deputación de Lugo.

A presente concesión administrativa non implica a cesión de dominio nin das facultades dominicais da Deputación sobre o devandito inmoble, e se outorga con suxeición ao disposto na Lei 33/2003, de 03 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas e no Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da lei 33/2003, de 03 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas e demais normativa de aplicación.



CUARTA.- Posta a disposición do ben inmóble.

A Deputación de Lugo porá a disposición do concesionario o inmóble obxecto desta concesión demanial a partir do día seguinte á súa formalización coa firma do presente documento administrativo.

QUINTA.- Prazo da concesión demanial.

Estipúlase para a presente concesión demanial un período de cincuenta anos (50) contados a partir da formalización por escrito desta concesión en documento administrativo. Non está prevista prórroga.

SEXTA.- Resolución do Acordo.

O incumprimento por calquera das partes das estipulacións do presente Acordo poderá dar lugar á súa denuncia e no seu caso a súa resolución.

Poderán ser causas de resolución as seguintes:

- A. Mutuo acordo das partes manifestado por escrito.
- B. Incumprimento de calquera das estipulacións do presente Acordo e en particular destinar o uso do ben provincial a fins distintos dos enunciados por FUDACE relativos á xestión dos intereses das persoas afectadas por un dano cerebral.
- C. O incumprimento do contido da disposición TERCEIRA.5 relativa á construción dun novo centro de patoloxía dual na parcela provincial (nº catastral 27010A22100041) e da que o concesionario solicita 71.791 m²-determina a resolución parcial da presente concesión demanial permanecendo no seu caso polo resto dos bens provinciais.
- D. Aquelas polas que proceda a reversión.
- E. Calquera outra prevista pola lexislación vixente e en particular as contidas no artigo 100 da Lei 33/2003, de 03 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas:

- a) Extinción da personalidade xurídica da Fundación concesionaria ou situación xurídica ou xudicial que resulte incompatible ou prexudique a defensa dos intereses obxecto da presente concesión e/ou os intereses provinciais.
- b) Falta de autorización previa nos supostos de transmisión ou modificación, por fusión, absorción ou escisión, da personalidade xurídica do concesionario.
- c) Caducidade por vencemento do prazo.
- d) Rescate da concesión, previa indemnización, ou revogación unilateral da autorización.
- e) Incumprimento grave das obrigas do titular da concesión, declarados polo órgano que outorgou a concesión.
- f) Desaparición do ben ou esgotamento do aproveitamento.
- g) Desafectación do ben, en cuxo caso se procederase a súa liquidación conforme ao previsto no artigo 102 da lei 33/2003, de 03 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.
- h) Calquera outra causa prevista nas condicións xerais ou particulares polas que se rexan."



SÉTIMA.- Réximen sancionador.

Se o concesionario incumprise algunha das cláusulas ou obrigas previstas no presente acordo que non den lugar á resolución da concesión, á Deputación Provincial previo requirimento instando o cumprimento das mesmas, poderá impoñer as penalidades que se determinan no presente acordo, sen prexuízo de instar o seu cumprimento e da indemnización por danos e prexuízos que se poderían irrogar.

O rexime de imposición de penalidades entenderase ás seguintes regras:

- Antes da imposición requirirase ao concesionario, concedéndolle un prazo ao menos de 15 días para a súa corrección
- Transcurrido o prazo concedido para a corrección do incumprimento e persistindo o mesmo, instruirase o expediente coa audiencia do interesado, resolvendo o mesmo o Presidente desta Deputación.

A.- infraccións leves:

- 1.- O incumprimento das condicións do presente acordo de concesión, cando non poida clasificarse como grave o moi grave.
- 2.- O falseamento da información suministrada á Administración por propia iniciativa ou requirimento desta.
- 3.- A inadecuada conservación dos bens obxecto de concesión.
- 4.- A produción de danos nos bens concedidos cando o seu importe non exceda de dez mil euros (10.000€).

B.- infraccións graves:

- 1.- A execución non autorizada de obras nos bens obxecto de concesión.
- 2.- A produción de danos nos bens concedidos cando o seu importe supere a cantidade de dez mil euros (10.000€).
- 3.- A retención dos bens de dominio público unha vez extinguida a concesión.
- 4.- O uso dos bens obxecto de concesión sen suxeitarse o seu obxecto o para fins distintos os concedidos.
- 5.- O incumplimento dos deberes de información, colaboración e cooperación cando sexa requerido pola Deputación Provincial.

C.- infraccións moi graves:

- 1.- A produción de danos nos bens concedidos cando o seu importe supere a cantidade de un millón de euros (1.000.000€).
- 2.- A usurpación dos bens obxecto de concesión.



Para a aplicación de sancións, seguirase o procedemento previsto lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e disposicións que a desenvolven.

OITAVA.- Penalidades

As infraccións leves serán corrixidas mediante advertencia ou penalización económica, que pode ascender á cantidade de mil euros (1.000€).

As infraccións graves serán corrixidas con penalizacións que poden chegar ata dez mil euros (10.000€).

As infraccións moi graves serán penalizadas con sancións de ata vinte mil euros (20.000€).

NOVENA.- Prescrición

As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses.

As sanción impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.

O computo dos prazos efectuarase de conformidade co establecido na lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e disposicións que a desenvolven.

DÉCIMA.- Responsabilidade

O concesionario será directamente responsable diante de terceiros nos casos de danos causados como consecuencia do funcionamento normal o anormal da explotación da concesión, ou das actividades desenvolvidas nos inmobles e as instalacións, agás no suposto de forza maior.

O concesionario ven obrigado a subscribir un contrato de seguro que cubra os riscos por responsabilidade civil fronte aos usuarios e a terceiros tanto no período de execución de obras como durante a duración da concesión.

Igualmente o concesionario ven obrigado a subscribir contrato de seguro que cubran os riscos polos danos que poidan sufrir as edificacións e instalacións obxecto de concesión, incluídos os danos por incendio de vehículos estacionados dentro do recinto.

Os contratos de seguros deberán manterse vixentes durante todo o prazo de concesión e disporán de unha cláusula de revalorización automática en función dos incrementos que experimente o índice xeral de prezos o consumo de ámbito nacional.

DÉCIMA PRIMEIRA.- Interpretación e modificación

A Deputación Provincial reservase expresamente as seguintes facultades:



- a) Interpretar o acordo e resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento.
- b) Modificar, por razón de interese público o acordo concesional.

DÉCIMO SEGUNDA.- Xurisdición competente.

As diferenzas que poidan surtir entre a Deputación de Lugo e o concesionario en canto a interpretación, modificación, resolución e efectos do acordo de concesión, serán resoltos polos respectivos órganos provinciais competentes, según os casos, cuxos acordos pondrán fin a vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a recurso contencioso-administrativo conforme o disposto na lei da Xurisdición Contencioso Administrativo.

Todos os litixios, preitos ou cuestións xurídicas que pulderan derivar de esta cesión someteranse aos Tribunais competentes con xurisdición en Lugo.

Polo anteriormente exposto esta Presidencia propón á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aprobar á concesión demanial, a FUNDACIÓN DE DAÑO CEREBRAL (FUDACE), C.I.F.: G27293505, inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número VP-2075, de uso do Inmable provincial inscrito ao número 4, folio 6 e número 5, folios 7 ao 10 do Inventario Xeral de Bens e Dereitos Provinciais Identificados baixo os seguintes números de referencia catastral:

- Parcela número 27010A22100047 de 10.274 m² na que se encontran encravadas as seguintes construcións identificadas cos números: 000400700PH27G0001GZ; 000400800PH27G0001QZ; 000400600PH27G0001YZ e 000800100PH27G0001RZ.
- O uso de 71.791 m² da subparcela destacada baixo a letra e da parcela identificada baixo o número de referencia catastral 27010A22100041000PE.

2.- Aprobar o texto do acordo que rexerá a presente concesión demanial.

3.- A concesión demanial formalizarase en documento administrativo, sen prexuízo de elevación a escritura pública a solicitude da entidade concesionaria, correndo neste caso os custes da mesma a seu cargo.

Lugo, 16 de agosto 2016

O Presidente,

P.D. Decreto nº 1357/2016, de data 01-07-2016

O Vicepresidente,

Asdo: Álvaro Santos Ramos

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
XUNTA DE GOBERNO

Sesión do día 19 AGO 2016

CÉMPHASE:
O PRESIDENTE
O VICEPRESIDENTE
O SECRETARIO

APROBADO:
O SECRETARIO

Provincia de LUGO
Municipio de CASTRO DE REI
Coordenadas U.T.M. Huso: 29 ETRS89
ESCALA 1:11,000




DIRECCIÓN GENERAL
DEL CATÁSTRO
Sede Electrónica
del Catastro



CARTOGRAFÍA CATASTRAL Parcela Catastral: 27010A22100040

[624,422 : 4,779,748]



[621,782 : 4,779,748]

[624,422 : 4,779,748]

© Dirección General del Catastro 2011/01/19

Este documento no es una certificación catastral

Coordenadas del catastro: X = 623,102 Y = 4,776,353